



2004-2007

II plan de acción municipal  
para combater a violencia  
contra as mulleres



Concello de Vigo



Concellería da Muller  
Concello de Vigo

Departamento de Muller  
Concellaría da Área de Promoción Económica  
Concello de Vigo

© Concello de Vigo

Diseño: Puvlis Publicidad (Publicaciones Vigo, S.L.)


Fotografía portada: © J.Ramón Fotógrafo

Depósito Legal VG.1266.2004

ISBN: 84-689-0171-7

# Índice

1. INTRODUCCIÓN	7
2. REFERENCIAS DE CONTEXTO	9
2.1. AS CARACTERÍSTICAS SOCIODEMOGRÁFICAS DAS MULLERES DE VIGO	9
2.2. O MARCO NORMATIVO NA LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO	18
2.2.1. Ámbito estatal	18
2.2.2. Ámbito autonómico	22
2.2.3. Ámbito local	25
2.2.4. Referencias bibliográficas	34
II PLAN DE ACCIÓN MUNICIPAL PARA COMBATER A VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES 2004-2007	39
> ESTRUCTURA DO PLAN	40
Área de apoio e seguimento	41
Área de optimización e adecuación de recursos	46
Área de coordinación	49
Área de información e sensibilización	51
> TEMPORALIZACIÓN E ORZAMENTO	56
> CRITERIOS DE AVALIACIÓN	56



# II plan de acción municipal para combater a violencia contra **as mulleres**

Obradoiro de Socioloxía, presentado ao:  
Departamento de Muller / Concellaría da Área de Promoción Económica  
Concello de Vigo

Vigo, a 20 de outubro de 2004

*É igualmente reseñable que foran obxecto de estudo por parte do Consello Municipal Asesor da Muller, téndose integrado as súas suxestións. Finalmente, que o texto no seu conxunto fose aprobado polo Pleno da Corporación dá conta da importancia que se lle confire e o consenso sobre o que se asenta. Por isto, en razón de todo o anterior, teño a convicción de que se nos empra a asumilo, sen escusas, como algo noso, de todas e todos.*

*Este é o compromiso do Goberno Municipal; éo tamén, sen dúbida, dos departamentos do Concello responsables da súa execución e dos entes directamente colaboradores; dos e das profesionais, voluntarios e voluntarias a quen cómpre levalo a termo. Con todo, convén insistir naquela dimensión colectiva: en última instancia, a erradicación e superación do maltrato ás mulleres é un paso perentorio e decisivo no camiño da plena igualdade de oportunidades e, como tal, un desafío de primeira orde na construción dunha sociedade verdadeiramente democrática. Xa que logo, este Plan, supoñendo unha ferramenta moi estimable, só terá un auténtico significado transformador da realidade se quen hoxe empeñamos nel a nosa palabra e o noso esforzo somos capaces de converter en partícipes dese compromiso á totalidade das mulleres e homes que fan Vigo.*

*Lucía Molaes Pérez  
Concelleira da Área de Promoción Económica*



# 1. Introducción

O presente documento recolle o II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007, un plan que pretende dar continuidade ao obxectivo central de loitar contra a violencia de xénero, propósito que guiaba o conxunto de actuacións postas en marcha ao abeiro do I Plan de Acción Municipal, aprobado polo Pleno da Corporación Municipal para o período 2000-2003.

Precisamente, mediante a posta en marcha dese I Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres desenvolvéronse unha serie de recursos específicos para mulleres -á vez que se incorporaban algúns xa existentes- a articular de xeito coordinado. Tales recursos, uns de dependencia pública e cunha finalidade asistencial, outros de tipo asociativo, tamén con vocación asistencial ou orientados á participación e integración social, tiñan por obxecto previr as situacións de violencia e proporcionar unha atención integral ás vítimas de malos tratos. Así mesmo, desenvolvéronse distintas accións destinadas á sensibilización social e á educación, coa intención de contribuír ao cambio de mentalidades e actitudes entre a cidadanía.

Neste contexto, a aprobación, agora, deste II Plan constitúe a principal evidencia do compromiso do Concello de Vigo na erradicación da violencia contra as mulleres, e pretende ser o instrumento básico a través do que se optimicen todas as accións que se desenvolvan neste eido, tanto en materia de sensibilización social, como de prevención da problemática e apoio ás vítimas. Xa que logo, a optimización dos servizos existentes, o incremento das medidas de apoio orientadas á reincorporación das vítimas de violencia á sociedade -estendidas, segundo un criterio non restritivo, a todas as vítimas de violencia que interpoñan unha denuncia perante os órganos policiais ou xudiciais-, e a mellora xenérica da atención, constitúen os eixes principais arredor dos que se articulan as distintas accións deseñadas.

Ademais, a aprobación deste II Plan supón, dunha banda, unha implicación máis intensa dos distintos departamentos municipais, en especial dos que desenvolven funcións de eminente carácter social, e doutra, o establecemento de canles de comunicación con outras administracións que posibiliten o establecemento de mecanismos de colaboración e coordinación de cara á prestación dos servizos.

A columna vertebral deste documento confórmaa, pois, o II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007, e, con carácter complementario, inclúese tamén unha aproximación ao fenómeno da violencia de xénero e ás características da poboación feminina de Vigo.

Así, e en canto á súa estrutura expositiva, finalizada esta introdución iníciase un capítulo que ten por obxecto fornecer unha serie de referencias de encadre que contribúan a coñecer o contexto no que se elaborou este II Plan.

Nun primeiro apartado realízase unha aproximación ás principais características sociodemográficas da poboación feminina viguesa, no que se destacan os trazos principais do que, a efectos de parte das medidas que o Plan contén, constitúe o universo de referencia. Neste sentido, hai que indicar que, a pesar das tentativas realizadas, non foi posible efectuar unha estimación fidedigna da incidencia dos malos tratos na cidade de Vigo, pois as distintas fontes consultadas ofrecen cifras que dan conta de cálculos ben dispares. Por iso, de cara á planificación de futuras actuacións, un maior coñecemento desta problemática social podería guiar as políticas públicas que se deseñen e implementen neste ámbito, mediante a realización de investigacións que afonden na análise do fenómeno da violencia desde distintos prismas, incluíndo a súa medición.

O segundo epígrafe deste capítulo serve de marco contextualizador desde unha perspectiva normativa. Así, mediante a síntese das principais referencias xurídico-políticas de abordaxe da violencia de xénero, tanto no plano estatal, como no autonómico e local, a descrición das principais competencias e funcións da Administración Municipal e a inclusión do conxunto de referencias bibliográficas consideradas -mesmo as de ámbito internacional e europeo-, perfílase o marco xeral no que o Concello de Vigo poderá desenvolver as distintas actuacións neste eido.

O terceiro capítulo comprende a redacción do II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres. Tras unha breve descrición da súa estrutura, pasan a expoñerse as áreas de intervención que conforman o Plan: Apoio e seguimento, Optimización e adecuación de recursos, Coordinación e Información e sensibilización. A este respecto, convén indicar que a estrutura e contido deste II Plan responde á consideración conxunta de distintos niveis de información: baséase, dunha banda, nos resultados da avaliación do I Plan de Acción Municipal, avaliación que serviu para detectar os aspectos precisados de mellora, fundamentalmente no que atinxe ao funcionamento dos servizos; doutra, ten en conta a información obtida mediante a realización de entrevistas a persoas expertas no ámbito da violencia de xénero -persoal técnico dos servizos municipais de atención a mulleres, corpos policiais e representantes do movemento asociativo de mulleres-. Finalmente, e como proceso de retroalimentación, o contido e estrutura do Plan fóronse perfilando mediante a consulta permanente e o diálogo estreito cos cadros técnicos e político do Concello.

Por último, o Plan péchase con dous capítulos nos que se especifica, por un lado, o seu desenvolvemento en termos temporais e o orzamento previsto para a súa posta en marcha, e, por outro, os criterios relativos ao procedemento de avaliación.



## 2. Referencias de contexto

### 2.1. As características sociodemográficas das mulleres de Vigo

Antes de comezar a describir como é a poboación feminina do Concello de Vigo, convén saber que esta localidade presenta un leve crecemento poboacional ao observar a súa evolución, en liñas globais, desde principios dos anos oitenta ata o ano 2003 -ver cadro nº 1-. Así, e á vista da información recollida a través de censos e padróns municipais durante estes anos, Vigo semella ter sufrido un crecemento algo máis acelerado durante os primeiros anos da década dos noventa; un crecemento que, non obstante, se viu freado e mesmo invertido durante o período 1997-1998, e que, a partir desta data, continúa o seu sentido ascendente, aínda que moi paulatinamente, ata o ano 2003.

#### C.1. EVOLUCIÓN DA POBOACIÓN DO CONCELLO DE VIGO.

Anos	Nº habitantes
1981	261.331
1986	261.878
1991	276.109
1996	286.774
1998	283.110
1999	283.670
2000	285.526
2001	287.282
2002	288.324
2003	292.566

*Fonte: Datos publicados polo I.G.E.. Censos de Poboación e Vivendas e Padróns Municipais de Habitantes.*

A evolución da poboación feminina presuponse, pois, parella a ese crecemento do continxente global, no entanto, e antes de continuar coa exposición das características xerais do colectivo, cómpre advertir que, desde este momento e durante todo o capítulo, a descrición da poboación feminina de Vigo será exposta en liñas xerais, sen entrar a detallar ou matizar as súas características en termos de datos cuantificables en números absolutos, como consecuencia da variabilidade da información publicada desde as distintas fontes oficiais. Así, e aínda que a información recollida sexa plasmada na aparataxe gráfica aquí exposta, a utilidade desta información -tendo escollido aquela máis completa e que, por norma xeral, se corresponde coa procedente do Censo de Poboación e Vivendas do ano 2001- é a de marcar os grandes trazos característicos do colectivo feminino, fuxindo dos comentarios estritamente cinguidos a leves variacións ou matices que dela puidesen desprenderse.

Feita esta advertencia, e noutra liña de comentarios, pode dicirse que a cidade de Vigo, reproducindo as características da poboación galega en termos xerais, presenta unha leve feminización, pois as mulleres representan algo máis do 52% da súa poboación total.

### C.2. DISTRIBUCIÓN DA POBOACIÓN SEGUNDO SEXO NO CONCELLO DE VIGO.

Sexo	2001		2002		2003	
	N	%	N	%	N	%
Mulleres	147.147	52,5	151.149	52,4	153.010	52,3
Homes	133.039	47,5	137.175	47,6	139.556	47,7
<b>TOTAL</b>	<b>280.186</b>	<b>100</b>	<b>288.324</b>	<b>100</b>	<b>292.566</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación e Vivendas 2001, e no Anuario Social da Fundación "la Caixa".

Doutra banda, se hoxe en día a situación continuase como no ano 2001, momento no que se estimou que o saldo vexetativo feminino era positivo, é dicir, que en Vigo nacían máis mulleres das que morrían, o crecemento da poboación feminina -así como tamén o da masculina-, aínda que de xeito leve, podería estar a manterse.

### C.3. NACEMENTOS, DEFUNCIÓNS, SALDO VEXETATIVO E MATRIMONIOS ENTRE A POBOACIÓN FEMININA.

	2001
Nacementos	1.223
Defuncións	1.055
Saldo vexetativo	168
Matrimonios	1.350

Fonte: Datos publicados polo I.G.E.. Movemento Natural da Poboación 2001.

Con todo, e aínda con ese lento pero positivo incremento da poboación feminina do concello, debe apuntarse que unha das características das mulleres viguesas é o seu envellecemento. Segundo grupos de idade, apréciase unha concentración da poboación nas cohortes de idade intermedias -entre os 20 e 49 anos-, mentres que o intervalo que agrega as nenas e as mulleres maiores de 64 anos representa a preto do 30% do total; a maiores desa elevada porcentaxe de poboación feminina dependente, o máis destacado é o desfase detectado entre o índice de infancia e o de vellez que se plasma no cadro nº 5: mentres que a poboación feminina menor de 15 anos representa o 11,9% do total de mulleres de Vigo, as mulleres

de 65 anos ou máis representan o 18,1% -12,1% entre a poboación masculina-, o que dá conta do maior envellecemento que afecta ao colectivo feminino, en consonancia coa maior esperanza de vida das mulleres que caracteriza a maior parte das sociedades avanzadas.

De feito, e tendo en conta que unha poboación comeza a considerarse “moi envellecida” cando o seu índice de envellecemento supera o 101%, obsérvase que en Vigo a porcentaxe correspondente alcanza o 152,9%, ben por riba da masculina -91%- , é dicir, que por cada muller menor de 15 anos, hai máis de 1,5 maior de 64. Ademais, e falando xa exclusivamente do conxunto de mulleres maiores, obsérvase que o 12,3% destas ten 85 ou máis anos -porcentaxe que dobra a masculina-, o que agrava, aínda hoxe en día, o problema da sobrecarga de traballo das mulleres de idade intermedia.

#### C.4. POBOACIÓN FEMININA SEGUNDO GRUPOS QUINQUENAIS DE IDADE.

Grupos quinquenais de idade	Censo 2001	
	N	%
De 0 a 4 anos	5.352	3,6
De 5 a 9 anos	5.509	3,8
De 10 a 14 anos	6.595	4,5
De 15 a 19 anos	8.395	5,7
De 20 a 24 anos	11.690	7,9
De 25 a 29 anos	12.814	8,7
De 30 a 34 anos	11.814	8,0
De 35 a 39 anos	11.230	7,6
De 40 a 44 anos	11.170	7,6
De 45 a 49 anos	10.342	7,0
De 50 a 54 anos	9.952	6,8
De 55 a 59 anos	8.898	6,1
De 60 a 64 anos	6.697	4,6
De 65 a 69 anos	7.803	5,3
De 70 a 74 anos	6.667	4,5
De 75 a 79 anos	5.419	3,7
De 80 a 84 anos	3.530	2,4
85 e máis anos	3.270	2,2
<b>TOTAL</b>	<b>147.147</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación e Vivendas de 2001.

**C.5. ÍNDICES<sup>1</sup> DE INFANCIA, XUVENTUDE E VELLEZ ENTRE A POBOACIÓN FEMININA.**

Índices	Censo 2001	
	%	
Infancia <sup>2</sup>	11,9	
Xuventude <sup>3</sup>	22,4	
Vellez <sup>4</sup>	18,1	
Senilidade <sup>5</sup>	12,3	

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E., Censo de Poboación e Vivendas 2001.

**C.6. ÍNDICE DE ENVELLECIMENTO E CUALIFICACIÓN DO MESMO ENTRE A POBOACIÓN FEMININA.**

Índice de envellecemento <sup>6</sup>	Cualificación
152,9	Poboación moi envellecida -máis do 101%-

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos do I.G.E. Censo de poboación e vivenda 2001.

Tendo en conta ese envellecemento, non sorprende que a idade media das viguesas sexa relativamente alta -41,5 anos; 38,2 entre os homes-, pero hai datos que caracterizan a este sector da poboación noutros termos: reproducindo a tendencia da Comunidade Galega, e mesmo os comportamentos sociais que teñen lugar a nivel estatal, tanto o primeiro matrimonio como a chegada do primeiro fillo ou filla están a producirse cada vez máis serodiamente, de xeito que, no caso concreto das mulleres de Vigo e no ano 2001, o primeiro matrimonio se produce aos 28,8 anos, ao tempo que o inicio da maternidade , por termo medio, aos 31,4 anos.

1.- Convén ter en conta, tanto neste caso como en sucesivos, que non foi posible calcular os diferentes índices tomando como referencia a poboación maior ou menor -segundo o caso- de 16 anos debido a que os datos oficiais publicados polo IGE -Censo do ano 2001- facilitan a distribución da poboación feminina só segundo grupos quinquenais de idade -polo que os cortes poden ser só establecidos como "maior de 15 anos" ou "menor de 15 anos"-.

2.- Número de nenas -0 a 14 anos- por cada 100 habitantes.  $(\text{Poboación feminina de 0 a 14 anos} / \text{Total poboación feminina}) * 100$ .

3.- Número de mozas -15 a 29 anos- por cada 100 habitantes.  $(\text{Poboación feminina de 15 a 29 anos} / \text{Total poboación feminina}) * 100$

4.- Número de mulleres maiores -65 e máis anos- por cada 100 habitantes.  $(\text{Poboación feminina de 65 e máis anos} / \text{Total poboación feminina}) * 100$ .

5.- Porcentaxe de mulleres de 85 e máis anos sobre a poboación feminina de 65 e máis anos.  $(\text{Poboación feminina de 85 e máis anos} / \text{Poboación feminina de 65 e máis anos}) * 100$ .

6.- Porcentaxe de mulleres de 65 e máis anos sobre a poboación feminina de 0 a 14 anos.  $(\text{Poboación feminina de 65 e máis anos} / \text{Poboación feminina de 0 a 14 anos}) * 100$ .

### C.7. INDICADORES DEMOGRÁFICOS DA POBOACIÓN FEMININA.

	1998	1999	2000	2001
Idade media	40,2	40,6	41,0	41,5
Idade media ao primeiro matrimonio	28,1	28,4	28,6	28,8
Idade media á maternidade	30,7	30,9	31,1	31,4
Número medio de fillos/as por muller <sup>7</sup>	0,9	1,0	1,0	1,0

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E..

Noutra orde de cousas, compróbase que a maior parte da poboación feminina viguesa -preto de 6 de cada 10- naceu neste mesmo concello, aínda que debe terse en conta que o 5,4% procede do estranxeiro, e que a chegada de mulleres estranxeiras á cidade ascende cada ano, podendo predicirse un aumento progresivo, en termos porcentuais, do peso deste colectivo.

### C.8. POBOACIÓN FEMININA SEGUNDO LUGAR DE NACEMENTO.

Lugar de nacemento	2001	
	N	%
En Vigo	87.597	59,5
Noutro concello de Pontevedra	20.196	13,7
Noutra provincia de Galicia	21.721	14,8
Noutra Comunidade Autónoma	9.669	6,6
No estranxeiro	7.964	5,4
<b>TOTAL</b>	<b>147.147</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación e Vivendas 2001.

No que se refire ao estado civil, os grupos con maior peso correspóndense co das casadas e o das solteiras, mentres que o 10,8% das mulleres son viúvas, e un 4,4% separadas ou divorciadas, proporción esta última que ano tras ano vai en ascenso, e que no transcurso de dez anos viuse duplicada, xa que a proporción en 1991 era do 2,1%.

### C.9. POBOACIÓN FEMININA<sup>8</sup> SEGUNDO ESTADO CIVIL.

Estado civil	2001	
	N	%
Solteira	60.346	41,3
Casada	63.610	43,5
Viúva	15.731	10,8
Separada	4.014	2,7
Divorciada	2.434	1,7
<b>TOTAL</b>	<b>146.135</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E. Censo de Poboación en Vivendas 2001.

7.- Segundo os datos do Movemento Natural da Poboación, no ano 2001 houbo un total de 2.556 nacementos -1.333 homes e 1.223 mulleres-.

8.- Poboación feminina censada no ano 2001 en vivendas familiares.

Doutra banda, e tendo en conta que se está a falar dunha localidade netamente urbana e da cidade con maior poboación de Galicia, cómpre indicar que o nivel educativo das viguesas é, como mostra o cadro nº 10, reducido, pois máis dun terzo das maiores de 15 anos non concluíu, ou nunca chegou a cursar, os estudos primarios/ESO; pola contra, o 24,8% rematounos, e unha proporción similar conseguiu un título de formación secundaria -23,3%-. Así, en termos comparativos, se ben pode dicirse que en conxunto os homes presentan un maior nivel de formación, un dato positivo é que ao observar as porcentaxes relativas ás titulacións universitarias, as porcentaxes se equíparan: 15,5% de mulleres, 15,1% de homes.

Porén, a proporción de mulleres que non sabe ler nin escribir é do 1,5%, aínda que esta porcentaxe é algo maior se se atende á taxa de analfabetismo feminino facilitada polo propio Instituto Galego de Estatística - 2,0<sup>9</sup>.- Datos extraídos, tamén, do Censo de Poboación e Vivendas do 2001, e calculados pola propia entidade.-, taxa que, desde logo, marca unha grande diferenza en comparanza coa que presenta a poboación masculina de Vigo -0,7/0,5-, feito que, aínda que en termos estatísticos non semella ser moi representativo, constitúe un indicador máis da desigualdade de oportunidades que afecta ás mulleres.

#### **C.10. POBOACIÓN FEMININA<sup>10</sup> DE 16 ANOS OU MÁIS, SEGUNDO NIVEL DE ESTUDOS.**

Nivel de estudos	2001	
	N	%
Non sabe ler ou escribir	1.858	1,5
Menos de 5 anos de escolarización	13.106	10,3
Sen completar Bacharelato elemental, ESO ou EXB	31.315	24,6
Bacharelato elemental, ESO ou EXB completo	31.523	24,8
Bacharelato superior BUP/LOXSE, COU/PREU	17.624	13,9
FPI, FP grao medio, Oficialía industrial	6.050	4,7
FPII, FP grao superior, Mestría industrial	6.013	4,7
Diplomatura, Arquitectura, Enxeñería Técnica	10.333	8,1
Licenciatura, Arquitectura, Enxeñería Superior	8.941	7,0
Doutoramento	466	0,4
<b>TOTAL</b>	<b>127.229</b>	<b>100</b>

*Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación en Vivendas 2001.*

No referente á actividade económica, debe dicirse que a maior parte das mulleres en idade de traballar defínese como inactiva, concretamente o 54,5% -máis de 20 puntos porcentuais por riba da taxa masculina-, dedicándose, principalmente, ás tarefas domésticas; mentres que o 36,9% posúe un traballo remunerado e o 8,6% restante se atopa no paro. Así, cunha taxa de actividade feminina 20 puntos inferior, a taxa de paro, pola contra, supera a masculina en 7,4 puntos porcentuais.

*9.- Datos extraídos, tamén, do Censo de Poboación e Vivendas do 2001, e calculados pola propia entidade.*

*10.- Poboación feminina censada no ano 2001 en vivendas familiares e de 16 anos ou máis.*

**C.11. POBOACIÓN FEMININA<sup>11</sup> DE 16 ANOS OU MÁIS, SEGUNDO RELACIÓN COA ACTIVIDADE ECONÓMICA.**

Relación coa actividade	2001	
	N	%
<b>Total poboación activa</b>	<b>57.894</b>	<b>45,5</b>
Ocupada	46.987	36,9
Parada	10.907	8,6
(Busca primeiro emprego)	(2.284)	(1,8)
(Traballou antes)	(8.623)	(6,8)
<b>Total poboación inactiva</b>	<b>69.335</b>	<b>54,5</b>
Xubilada	10.562	8,3
Pensionista	12.422	9,8
Estudiante	14.620	11,5
Tarefas do fogar	28.451	22,4
Outra situación	3.280	2,5
<b>TOTAL RELACIÓN COA ACTIVIDADE</b>	<b>127.229</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación en Vivendas 2001.

**C.12. POBOACIÓN FEMININA ACTIVA.  
TAXA DE ACTIVIDADE E TAXA DE PARO.**

	2001
Taxa de actividade	45,5
Taxa de paro	18,8

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación e Vivendas 2001.

En canto ás características da actividade económica, cabe indicar que:

> Como se reflicte no cadro nº 13, a maior parte das viguesas ocupadas -lémbrese, un 45,5% do total de mulleres de 16 anos ou máis- traballa principalmente no sector servizos, no que se concentra o 84,4% das traballadoras, un predominio que non se observa no colectivo masculino, que, se ben se ocupa maioritariamente nese sector -55,3%- , tamén presenta un peso significativo da industria -32,1%-.

> Que a gran maioría traballa como asalariada -87,5%, fronte ao 84,6% de homes-.

> E que, tal e como amosa tamén o cadro nº 14, a pesar de rexistrarse un peso máis elevado de asalariadas con carácter fixo que eventual, a precariedade laboral incide máis neste colectivo que no masculino, pois a temporalidade no emprego afectaría, en 2001, a un 31,3% das traballadoras por conta allea, fronte a un 22,6% de homes.

11.- Poboación feminina censada no ano 2001 en vivendas familiares e de 16 anos ou máis.

### C.13. POBOACIÓN FEMININA OCUPADA SEGUNDO SECTORES.

Sectores	2001	
	N	%
Agricultura	263	0,6
Pesca	394	0,8
Industria	5.797	12,3
Construción	892	1,9
Servizos	39.641	84,4
<b>TOTAL</b>	<b>46.987</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación e Vivendas 2001.

### C.14. POBOACIÓN FEMININA OCUPADA SEGUNDO SITUACIÓN PROFESIONAL.

Situación profesional	2001	
	N	%
<b>Empresaria, traballadora por conta propia</b>	<b>5.627</b>	<b>12,0</b>
Que emprega persoal	2.169	4,6
Que non emprega persoal	3.458	7,4
<b>Asalariada, traballadora por conta allea</b>	<b>41.096</b>	<b>87,5</b>
Con carácter fixo	26.415	56,2
Con carácter eventual	14.681	31,3
<b>Outras situacións</b>	<b>264</b>	<b>0,5</b>
Axuda familiar	164	0,3
Membro de cooperativas	100	0,2
<b>TOTAL</b>	<b>46.987</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación en Vivendas 2001.

Finalmente, en canto á ocupación concreta destas mulleres, conséntase que practicamente 1 de cada 4 traballa nos servizos de restauración, persoais, de protección ou como vendedoras, seguíndolle en importancia os postos de traballo como técnicas e profesionais científicas e intelectuais, categoría na que se inclúe o 17,8%, porcentaxe que hai que salientar, pois supera en 7 puntos a masculina. As empregadas de tipo administrativo representan o 14,1% e as técnicas e profesionais de apoio o 13,3%; tras delas, arredor de 1 de cada 10 é traballadora non cualificada, proporción que tamén se destaca por superar en case 5 puntos porcentuais a de homes.



### C.15. POBOACIÓN FEMININA OCUPADA SEGUNDO TIPO DE OCUPACIÓN.

Ocupación	2001	
	N	%
Dirección das empresas e das administracións públicas	3.460	7,4
Técnicas e profesionais científicas e intelectuais	8.360	17,8
Técnicas e profesionais de apoio	6.232	13,3
Empregadas de tipo administrativo	6.640	14,1
Traballadoras de servizos de restauración, persoais, protección e vendedoras	11.496	24,5
Traballadoras cualificadas na agricultura e na pesca	405	0,9
Artesáns e traballadoras cualificadas das industrias manufactureiras, da construción e da minería	2.220	4,7
Operadoras de instalacións e maquinaria, e montadoras	2.459	5,2
Traballadoras non cualificadas	5.614	11,9
Forzas armadas	101	0,2
<b>TOTAL</b>	<b>46.987</b>	<b>100</b>

Fonte: Elaboración propia a partir dos datos publicados polo I.G.E.. Censo de Poboación e Vivendas 2001.

## 2.2. O marco normativo na loita contra a violencia de xénero

Ao longo das seguintes páxinas ofrécese unha síntese da resposta articulada desde o terreo xurídico-político arredor do fenómeno da violencia de xénero, facendo un percorrido polos ámbitos estatal, autonómico e local, co obxecto de debuxar o marco teórico legal no que incardina o II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007.

Así mesmo, ao final deste apartado achéganse as referencias bibliográficas manexadas para a redacción deste marco normativo, entre as que se inclúen as relativas aos instrumentos xurídico-normativos, tamén considerados, a través dos que se aborda este fenómeno desde o plano internacional e europeo.

### ÁMBITO ESTATAL

A **Constitución Española do 6 de decembro de 1978**, no seu Título I, artigo 14, establece unha cláusula xeral de igualdade de todos os españois e españolas ante a lei e prohíbe establecer discriminacións por “...*razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social*”. O dereito á vida e á integridade física e moral, o dereito a non ser sometido/a a torturas, penas ou tratos inhumanos ou degradantes, e o dereito á liberdade e á seguridade veñen establecidos como dereitos e liberdades fundamentais nos artigos 15 e 17. Ademais, o artigo 9, que versa sobre a obriga imposta aos poderes públicos para remover os obstáculos que impidan ou dificulten que a liberdade e a igualdade dos homes e mulleres sexan reais e efectivas, vén constituír a base legal para a implantación de políticas de discriminación positiva.

Se ben a Constitución é o marco normativo de referencia, cómpre referir os instrumentos xurídicos concretos que resultan de aplicación nos supostos de violencia:

- A Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro do Código Penal e as súas modificacións posteriores.
- A Lei de Procesamento Criminal de 1882 e modificacións posteriores.
- O Código Civil de 1889 e as súas modificacións posteriores.
- A Lei 1/2000 de Procesamento Civil e as súas modificacións posteriores.
- A Lei 35/1995, do 11 de decembro, de axuda e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, e as súas modificacións posteriores.
- A Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e as súas modificacións posteriores.
- A Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección ás vítimas da violencia doméstica.

O **Código Penal** recolle no seu Libro II -“Dos delitos e as súas penas”-, os actos susceptibles de tipificarse como delitos penais, e con eles, as penas que se impoñen en cada suposto. Os actos de violencia de xénero teñen a súa tradución en tipos como o delito de homicidio, o delito de lesións, os de ameazas, coaccións, agresión sexual, abuso sexual, acoso sexual, proxenetismo, tráfico ilegal de persoas, etc.

Como se comentará máis adiante, o Código Penal foi sometido a modificación nalgúns dos preceptos relacionados coa violencia exercida contra as mulleres. Dunha banda, a través da Lei Orgánica 14/1999, de 9 de xuño, e posteriormente, como tamén se analizará, mediante a Lei Orgánica 11/2003, de 29 de setembro e a Lei Orgánica 15/2003 de 25 de novembro. A través da primeira destas leis introdúcese unha modificación de gran relevancia no artigo 153, que se anteriormente só facía referencia á “violencia física habitual”, tras desta reforma pasa a considerar tamén os supostos de “violencia psíquica habitual”.

Ademais, é importante salientar o tratamento que a xurisprudencia comeza a dar aos delitos de violencia doméstica, destacándose a Sentenza nº 927, de 24 de xuño de 2000, do Tribunal Supremo, na cal se determina que o maltrato familiar *“debe ser abordado como un problema social de primeira magnitude, e non só como un simple problema que afecta á intimidade da parella”*.

Para a protección das vítimas, as modificacións do Código Penal de 1999 introducen, como pena privativa de dereitos -artigo 33- e como pena accesoria, no suposto de condena por determinados delitos -artigo 57-, a prohibición de aproximarse á vítima ou aos familiares ou outras persoas que determine o xuíz ou tribunal, ou de comunicarse con eles.

Respecto da **Lei de Procesamento Criminal**, hai que mencionar a reforma operada pola Lei Orgánica 14/1999, que introduce un novo artigo, o 544 bis, que constitúe o fundamento legal da adopción de medidas cautelares de “afastamento”. Cando se está a investigar a comisión dun posible delito aos que fai referencia o artigo 57 do Código Penal -homicidio, aborto, lesións, os efectuados contra a liberdade, de torturas e contra a integridade moral, etc.-, e co fin de protexer ás vítimas, pode impoñerse á persoa inculpada, cautelarmente, a prohibición de residir ou acudir a un determinado lugar ou lugares -aldea, barrio, municipio, provincia ou outra entidade local ou comunidade autónoma- ou de aproximarse ou comunicarse con determinadas persoas.

A efectos da prevención e erradicación da violencia de xénero tamén deben tomarse en consideración a Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade, que ten por obxecto a regulación xeral de todas as accións que permitan facer efectivo o dereito á protección da saúde, recoñecido no artigo 43 da Constitución Española; e a Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo. Cómpre aludir tamén ao Estatuto dos Traballadores, Real Decreto Lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, norma básica que recolle os dereitos dos traballadores e traballadoras, establecendo a inviolabilidade da persoa e a liberdade sexual.

Desde unha perspectiva de cariz máis político, é desde 1984 cando comezan a darse en España as primeiras respostas institucionais en relación á violencia contra as mulleres. Nese ano o Ministerio de Interior inicia a publicación das cifras relativas a denuncias por malos tratos nas Comisarías da Policía Nacional e créase a primeira casa de acollida para mulleres maltratadas; en 1986 a Comisión de Dereitos Humanos do Senado crea o **Relatorio de Investigación de Malos Tratos de Mulleres**, que elaborou un informe sobre o tema en 1989. O Consello de Ministros aproba, o 7 de marzo de 1997, o III Plan para a Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes que inclúe unha área dedicada exclusivamente á violencia. No mes de setembro dese mesmo ano, a Conferencia Sectorial da Muller acorda celebrar unha Conferencia Sectorial Extraordinaria sobre Violencia, onde se toma o acordo de elaborar un plan contra a violencia doméstica.

Por outro lado, o Consello de Europa, organización que ten como fin promover a democracia e os dereitos humanos no continente, dedicoulle varios actos ao tema da violencia. En outubro de 1997, os propios Xefes de Estado e de Goberno afirmaron a súa determinación de combater a violencia contra as mulleres e sinalaron a necesidade de facer progresos para alcanzar a efectiva igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Pode dicirse que dos seus traballos e recomendacións derivou a aprobación e posta en práctica de plans nacionais de loita contra a violencia doméstica. Son os traballos do Consello de Europa, e especialmente os desenvolvidos polo grupo de especialistas para combater a violencia contra as mulleres, os que inspiraron os plans nacionais de loita contra a violencia doméstica.

Así, en 1998, o Goberno Central aproba e pon en marcha o **I Plan contra a violencia doméstica 1998-2000**, un plan que se articula arredor de seis grandes áreas: Sensibilización e prevención, Educación e formación, Recursos sociais, Sanidade, Lexislación e práctica xurídica, e Investigación. Durante a súa vixencia realizáronse importantes modificacións legislativas xa comentadas, que permitiron tipificar como delito a violencia psíquica, establecer novas medidas cautelares, como o afastamento do agresor da vítima e a posibilidade de exercer a acción penal por terceiros non implicados directamente nas situacións de violencia. Ditáronse tamén instrucións do Fiscal Xeral para crear un rexistro específico de causas de violencia familiar e Circulares da policía, para orientar os/as profesionais dos Corpos e Forzas de Seguridade do Estado na forma de actuar fronte ás situacións de violencia.

Posteriormente, en concreto o 11 de maio de 2001, o Consello de Ministros aprobou o **II Plan integral contra a violencia doméstica**, vixente ata o ano 2004, que pretende afondar na erradicación da violencia na liña da prevención, a educación, a sanción das condutas violencia e a atención ás vítimas; instando á colaboración das ONG's e as diferentes administracións públicas, e á elaboración por parte destas últimas de plans de actuación no ámbito das súas competencias.

Outra actuación pública salientable é a creación, no ano 2002, do **Observatorio sobre a Violencia Doméstica** que, como funcións máis destacadas, debe analizar as resolucións xudiciais que se diten en

materia de violencia doméstica, realizar propostas de actuación e todas aquelas suxestións lexislativas que se estimen convenientes. Ademais, durante o período de vixencia do II Plan Integral contra a violencia doméstica acometéronse unha serie de actuacións lexislativas, de elaboración e reforma:

A aprobación da **Lei 38/2002, de 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de Procesamento Criminal, sobre procedemento para o xulgamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas e de modificación do procedemento abreviado**. A Lei, que entrou en vigor seis meses despois da súa publicación, nace co obxectivo de axilizar os procedementos, mellorar os procedementos abreviados, o xulgamento inmediato dos delitos menos graves e flagrantes e a simplificación de trámites nas grandes causas. Trátase de profundar na vía aberta polo que en linguaxe forense e ata en linguaxe coloquial se coñece como “xuízos rápidos”. Inclúese un elenco limitado de delitos, entre os que se inclúen os supostos de violencia doméstica, polos seus efectos na conciencia social.

O 2 de agosto de 2003 entra en vigor a **Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección ás vítimas da violencia doméstica**, que ten como finalidade unificar os distintos instrumentos de amparo e tutela ás vítimas deste tipo de delitos e faltas. *“Pretende que a través dun rápido e sinxelo procedemento xudicial, substanciado perante o xulgado de instrución, a vítima poida obter un estatuto integral de protección que concentre de forma coordinada unha acción cautelar de natureza civil e penal”*. A orde xudicial de protección suporá que as distintas administracións públicas -estatal, autonómica e local- activen inmediatamente os instrumentos de protección social establecidos nos seus respectivos sistemas xurídicos.

Dous meses despois, o 1 de outubro de 2003, entra en vigor a **Lei Orgánica 11/2003, de 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros**. Na súa Exposición de Motivos reconécese o alcance pluridisciplinar do fenómeno da violencia doméstica, un fenómeno que cómpre abordar *“con medidas preventivas, asistenciais e de intervención social a favor da vítima, con medidas incentivadoras da investigación, e tamén con medidas lexislativas orientadas a disuadir da comisión destes delitos”*.

Deste xeito, procedeuse á reforma de varios artigos do Código Penal. Estas modificacións supuxeron o incremento da penalidade dos tipos delituosos, de xeito que as condutas que son consideradas no Código Penal como falta de lesións, cando se acometen no ámbito doméstico pasan a considerarse delitos. Ademais, dótase dunha mellor sistemática aos delitos de violencia doméstica cometidos con habitualidade, ampliándose o círculo das súas posibles vítimas, e ábrese a posibilidade de que o xuíz ou tribunal sentenciador acorde a privación da patria potestade, tutela, curatela, garda ou acollemento.

Así mesmo, realizouse tamén unha importante modificación que afecta a outra dimensión da violencia de xénero: a prostitución. Concretamente, reformouse o artigo 188, relativo ao exercicio do proxenetismo

con persoas maiores de dezaioito anos, modificación pola que pasan a penalizarse todas aquelas condutas nas que se revele lucro a través da explotación da prostitución exercida por outra persoa<sup>12</sup>.

Por último, mediante a **Lei Orgánica 15/2003, de 25 de novembro**, modificáronse, entre outros preceptos, os artigos 33 e 57. Esta reforma veu afondar, fundamentalmente, en aspectos como o afastamento e a non aproximación á vítima, ampliándose a duración máxima das penas. Con ela establécense por separado as tres modalidades existentes na actualidade, co fin de que se poida impoñer a que corresponda á verdadeira natureza do delito: a prohibición de residir e acudir a determinados lugares, a prohibición de comunicación coa vítima ou outras persoas, e a de aproximación a aquela ou aqueles. Por último, establécese a posible suspensión do réxime de visitas, comunicación e estadaía dos fillos e fillas, así como a prohibición de comunicacións por medios informáticos ou telemáticos.

Feita esta aproximación aos instrumentos xurídicos a través dos que se aborda o fenómeno da violencia de xénero en España, só resta aludir ao **Proxecto de Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero**, aprobado polo Goberno o 25 de xuño de 2004, un proxecto que, materializado en lei orgánica, dará cobertura as actuacións que os poderes públicos desenvolvan na loita contra este tipo de violencia. Dada a súa importancia contextualizadora para o Plan que aquí se presenta, así como tendo en conta o seu *status* xurídico -polo de agora proxecto de lei-, será obxecto de análise ao final da exposición deste percorrido pola produción xurídico-política no Estado Español.

## ÁMBITO AUTONÓMICO

Neste epígrafe, e antes de comentar as actuacións desenvoltas polo Goberno Galego en materia de violencia de xénero, descríbense de xeito sumario os principais ou máis recentes instrumentos político-normativos a través dos cales outras comunidades autónomas do Estado afrontan o fenómeno da violencia contra as mulleres.

Así, hai que indicar que a acción das distintas comunidades difire na forma que dan aos seus respectivos instrumentos. Mentres que algunhas se inclinan pola adopción de plans de acción que vinculan a distintos organismos no desenvolvemento de políticas públicas concretas, outras optan por conceder a ese instrumento un carácter de norma xurídica, dotándoo de forza de lei.

*12.- O Código Penal de 1995 despenalizaba o proxenetismo de forma xeral, rompendo así coa tradición abolicionista en España, e pasaba a sancionar unicamente as súas formas máis agravadas, como o emprego da coacción e a prostitución de persoas menores e incapaces -artigos 187 e 188-.*

Comezando por aquelas comunidades autónomas que contan con leis específicas cabe referir as seguintes actuacións normativas:

> O 17 de maio de 2001 as Cortes de Castela-A Mancha aproban a Lei 5/2001, de prevención de malos tratos e de protección ás mulleres maltratadas. Os Títulos nos que se estrutura o seu articulado correspóndense coas seguintes áreas ou ámbitos de intervención: Sensibilización, Prevención, Atención ás vítimas e Atención aos agresores.

> A Comunidade Foral de Navarra conta, desde o ano 2002, coa Lei Foral 22/2002, de 2 de xullo, para a adopción de medidas integrais contra a violencia sexista. Cada un dos Capítulos que a integran se corresponden cos seguintes ámbitos: Sensibilización, Prevención, Protección e asistencia ás vítimas, Prestacións económicas, e Acordos interinstitucionais e protocolos de actuación.

> A Comunidade Autónoma de Canarias, no marco do Programa canario para previr e erradicar a violencia contra as mulleres (2002-2006), aproba, o 8 de abril, a Lei 16/2003, de prevención e protección integral das mulleres contra a violencia de xénero. Os principais Títulos nos que se distribúe o seu articulado aluden a medidas en materia de Prevención, Servizos Sociais, Asistencia xurídica, Competencias e organización administrativa e Entidades colaboradoras no sistema.

> Por último, o Parlamento da Comunidade Autónoma de Cantabria aproba o 1 de abril de 2004 a Lei 1/2004, integral para a prevención da violencia contra as mulleres e a protección ás súas vítimas. Os Títulos que a integran refiren unha serie de medidas en materia de Investigación, Sensibilización, Acción Preventiva, Protección e asistencia ás vítimas, Prestacións económicas, Menores e Acordos interinstitucionais e protocolos de actuación.

Outros gobernos autonómicos optaron, como se sinalou, pola elaboración de plans específicos de actuación contra a violencia de xénero. Estas comunidades son: Estremadura, Andalucía, a Comunidade Valenciana, a Rioxa, o Principado de Asturias, Canarias, Euskadi, Cataluña, Castela e León, Murcia e Aragón.

Tanto a Comunidade Autónoma de Madrid como a das Illas Baleares carecen de plans específicos contra a violencia de xénero. As accións que desenvolven neste eido enmárcanse nos seus respectivos Plans de Igualdade.

En canto á abordaxe do fenómeno da violencia de xénero en Galicia, O Goberno da Xunta, a través do Servizo Galego de Igualdade, vén elaborando e poñendo en marcha desde 1992 sucesivos plans de igualdade, concretamente catro. Estes plans constitúen, pois, os instrumentos mediante os que, ata o ano 2001, en

que finalizou o III Plan de Igualdade de Oportunidades das Mulleres Galegas<sup>13</sup> 1998-2001, a Administración galega plasmaba a planificación de actuacións dirixidas á poboación feminina de cara á erradicación da violencia de xénero.

Deste xeito, a través das actuacións deseñadas e realizadas no marco do I PIOM, iniciouse a atención a mulleres vítimas da violencia a través dos centros de información á muller, casas de acollida e formación de profesionais, actuacións que se foron incrementando, tanto en extensión como en profundidade. Así, o III PIOM, vixente durante o período 1998-2001, incluía xa unha área específica para o desenvolvemento de accións en materia de “violencia, saúde e exclusión social”, na que se recollen, entre outras, accións de sensibilización dirixidas á poboación xeral, formación destinadas aos e ás profesionais, o deseño de protocolos de actuación por parte dos organismos implicados na atención ás mulleres vítimas da violencia, etc.

Por último, mediante a Lei Orgánica 15/2003, de 25 de novembro, modificáronse, entre outros preceptos, os artigos 33 e 57. Esta reforma veu afondar, fundamentalmente, en aspectos como o afastamento e a non aproximación á vítima, ampliándose a duración máxima das penas. Con ela establécense por separado as tres modalidades existentes na actualidade, co fin de que se poida impoñer a que corresponda á verdadeira natureza do delito: a prohibición de residir e acudir a determinados lugares, a prohibición de comunicación coa vítima ou outras persoas, e a de aproximación a aquela ou aqueles. Por último, establécese a posible suspensión do réxime de visitas, comunicación e estadia dos fillos e fillas, así como a prohibición de comunicacións por medios informáticos ou telemáticos.

Feita esta aproximación aos instrumentos xurídicos a través dos que se aborda o fenómeno da violencia de xénero en España, só resta aludir ao proxecto de Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero, aprobado polo Goberno o 25 de xuño de 2004, un proxecto que, materializado en lei orgánica, dará cobertura as actuacións que os poderes públicos desenvolvan na loita contra este tipo de violencia. Dada a súa importancia contextualizadora para o Plan que aquí se presenta, así como tendo en conta o seu *status* xurídico -polo de agora proxecto de lei-, será obxecto de análise ao final da exposición deste percorrido pola produción xurídico-política no Estado Español.

É no ano 2002 cando o Goberno Galego, consciente da necesidade de abordaxe integral do fenómeno da violencia contra as mulleres, así como de articular de forma sistemática as medidas que se deben adoptar na Comunidade autónoma, encadrándoas nun marco adecuado no que se interrelacionen os distintos ámbitos de aplicación desde a cooperación interinstitucional e durante un período de tempo determinado, aproba o **Plan de Acción contra a Violencia de Xénero en Galicia 2002-2005**, impulsado polo Servizo Galego de Igualdade.

13. - De forma abreviada, PIOM.



Tres son as áreas que o conforman: a Área de Prevención, que contempla medidas en materia de sensibilización, medios de comunicación, educación, formación de profesionais e investigación; a Área de Intervención, que inclúe actuacións centradas na atención ás mulleres vítimas de violencia e a Área de Integración, con accións dirixidas á lograr a incorporación sociolaboral das mulleres vítimas da violencia e a reeducación dos agresores.

Para o desenvolvemento das accións deste Plan estimouse un orzamento de 20.503.897,07 euros.

Cómpre aludir, ademais, á recente aprobación polo Parlamento de Galicia, da **Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes**, que recolle unha serie de principios de actuación, así como de accións concretas, tendentes a erradicar a desigualdade e a discriminación por razón de xénero no territorio da Comunidade Autónoma. A Lei dedica un dos seus capítulos á violencia contra as mulleres -Capítulo IV-, establecendo unha serie de medidas para a súa erradicación, nos ámbitos da prevención -mediante a promoción de investigacións, campañas periódicas de sensibilización, formación de profesionais e a oferta gratuítas de programas de mediación familiar especializada-; a intervención -incluíndo atención psicolóxica e asesoramento xurídico gratuito, así como protección policial específica e efectiva a través da Policía Autonómica e outros corpos e forzas de seguridade-; e a integración social das vítimas e a reeducación dos agresores -garantido o acceso á vivenda pública e a concesións de axudas económicas nos casos necesarios-, recoñecendo, así mesmo, a necesidade de instaurar fórmulas de colaboración coas demais administracións públicas nestas áreas. Ademais, como enuncia o artigo 20, a Xunta de Galicia poderá acordar a súa personación nos xuízos penais por violencia contra as mulleres, en especial nos casos de morte e lesións graves.

## ÁMBITO LOCAL

Do mesmo xeito que se vén de comentar respecto das accións emprendidas desde as distintas comunidades do Estado para abordar o fenómeno da violencia de xénero, cómpre realizar unha aproximación ás actuacións que a través de plans específicos ou outros mecanismos aprobados ao efecto, existen no ámbito da Administración Local en España<sup>14</sup>.

A este respecto, pode afirmarse, en primeiro lugar, que as accións en materia de violencia neste ámbito non son moi numerosas, o que vén confirmar que o Concello de Vigo, xa non só desde unha perspectiva autonómica, senón tamén estatal, foi unha administración pioneira no terreo da intervención pública contra a violencia de xénero.

*14.- A busca das referencias que se plasman nesta parte do documento fíxose, principalmente, mediante acceso electrónico á información a través de internet, xa que as dimensións do conxunto da Administración Local desde unha perspectiva estatal non facían operativa unha busca exhaustiva de material documental neste ámbito..*

Pero antes de comentar os plans ou programas municipais de loita contra a violencia de xénero, cómpre aludir ao **Protocolo xeral de actuacións no ámbito local contra a violencia de xénero**, que no ano 2002 asinan a Consellaría de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e a Federación Galega de Municipios e Provincias, un documento a través do que a citada Consellaría se compromete, entre outros aspectos, a seguir subvencionando as casas de acollida dependentes dos concellos; en tanto que a FEGAMP, pola súa banda, se compromete a establecer o marco de colaboración coas entidades locais co fin de que se adhiran ao exposto no protocolo de colaboración, co obxecto de que os entes locais colaboren, na medida das súas posibilidades, en actividades como as campañas de sensibilización, formación dos membros da Policía Local e persoal técnico municipal en temas de xénero e prevención da violencia, atención das situacións de emerxencia e elaboración dos seus propios plans de igualdade que contemplan medidas de loita contra a violencia sexista.

Xa como exemplos concretos de programas municipais de loita contra este fenómeno, cómpre aludir ao **Plan Municipal de loita contra a violencia exercida cara ás mulleres 2003-2005** do Concello de Vitoria-Gasteiz, que se estrutura en cinco áreas de actuación: Educación e formación -con accións dirixidas ao ámbito educativo e á formación do persoal técnico municipal-; Información, difusión dos recursos existentes e sensibilización -que inclúe actuacións destinadas a informar e sensibilizar á poboación xeral e á mocidade en particular, e a difundir os recursos e servizos de atención ás vítimas-; Atención, seguimento e derivación -integrada por medidas de atención ás mulleres e aos seus fillos e fillas-; Adecuación e creación de recursos, na que se inclúen accións dirixidas á mellora dos procesos de intervención e á inserción laboral e social das mulleres, e Coordinación e seguimento, que recolle as accións de coordinación, seguimento e avaliación do Plan.

Por outro lado, no marco do Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes, aprobado polo Concello de Madrid en novembro do ano 2000, ponse en marcha o **Programa Municipal de violencia contra as mulleres no ámbito doméstico**, que contén medidas de carácter preventivo, de atención e reinserción das vítimas e de coordinación entre as diferentes institucións. Ademais, en marzo de 2004 a Xunta de Goberno aproba o regulamento do **Observatorio Municipal sobre a Violencia de Xénero**, destinado a realizar o seguimento, vixilancia e avaliación da incidencia do fenómeno na cidade de Madrid.

Á marxe destes exemplos de actuación local no ámbito da violencia de xénero, resulta fundamental perfilar o marco normativo básico no que as Administracións Municipais desenvolven as súas competencias. Cómpre, polo tanto, aludir á **Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local**, que constitúe a norma xurídica básica que desenvolve a garantía constitucional que recoñece a autonomía local, sendo, pois, a norma institucional dos entes locais<sup>15</sup>.

*15.- O contido desta Lei desenvólvese no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, Real Decreto 2568/1986, de 28 de decembro.*

Segundo esta lei, o Municipio constitúe unha entidade básica da organización territorial do Estado e canle inmediata da participación cidadá nos asuntos públicos, que institucionalizan e xestionan con autonomía os intereses propios das correspondentes colectividade -artigo 1.1-. É, xunto coa Provincia e a Illa, nos arquipélagos balear e canario, unha entidade local de carácter territorial -artigo 3-<sup>16</sup>.

A efectos do alcance do Plan que aquí se presenta, é importante subliñar que o artigo 25 da Lei establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio, exercerá, en todo caso, unha serie de competencias, nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas, competencias das que, a continuación, se sinalan as relacionadas máis directamente co tema obxecto deste documento: a seguridade nos lugares públicos, a prestación dos servizos sociais e de promoción e reinserción social, a participación na xestión da atención primaria da saúde, a promoción e xestión de vivendas, as actividades ou instalacións culturais e deportivas, ocupación do tempo libre, e, no que atinxe ao ámbito da educación, a participación na programación do ensino e a cooperación coa Administración educativa na creación, construción e sostemento dos centros docentes públicos, así como intervir nos seus órganos de xestión e participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria.

O artigo 27, pola súa banda, establece a potestade de delegación de competencias por parte da Administración do Estado, Comunidades Autónomas e outras entidades locais en favor dos municipios, coa finalidade de mellorar a eficacia da xestión pública e acadar unha maior participación cidadá. Ademais, o precepto seguinte recoñece a posibilidade de que os municipios *“realicen actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas á educación, a cultura, a promoción da muller, a vivenda, a sanidade e a protección do medio ambiente”*.

Por outro lado, e xa polo que atinxe concretamente ao ámbito da seguridade cidadá, outro aspecto a ter en conta é que a Disposición adicional décima a esta Lei -engadida pola Lei 57/2003, de 16 de decembro-, establece que, no marco do disposto nas Leis Orgánicas 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial; 2/1986, de 13 de marzo, de Forzas e Corpos de Seguridade; 1/1992, de 21 de febreiro, sobre Protección da Seguridade Cidadá, e nas disposicións legais reguladoras do réxime local, potenciarase a participación dos Corpos de Policía Local, no mantemento da seguridade cidadá, como policía de proximidade, así como no exercicio das funcións de policía xudicial, a efectos do cal desde o Goberno da Nación promoveranse as actuacións necesarias para a elaboración dunha norma que defina e concrete o ámbito material da devandita participación.

*16.- O punto 2 deste artigo recoñece tamén como entidades locais aquelas de ámbito territorial inferior ao municipal, instituídas ou recoñecidas polas Comunidades Autónomas, conforme ao artigo 45 desta Lei; as comarcas ou outras entidades que agrupen varios municipios; as áreas metropolitanas e as mancomunidades.*

Se ben esta lei ten carácter de normativa básica estatal para a organización e funcionamento dos entes locais, cómpre aludir, no ámbito da nosa Comunidade Autónoma, á **Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia**. No seu artigo 80 tamén se recoñece a capacidade do municipio para promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños no ámbito das súas competencias.

Indo máis alá, o artigo 86 desta Lei galega establece que *“para a xestión dos seus intereses e unha vez que se garanta a prestación dos servizos mínimos, o municipio tamén poderá exercer actividades complementarias das propias doutras administracións públicas e, en particular, as relativas a: a educación, a cultura, a xuventude e deporte, a promoción da muller, a vivenda, a atención primaria á saúde, a ocupación e a loita contra o paro (...)”*.

O artigo seguinte alude ás fórmulas administrativas da transferencia, delegación ou encomenda de xestión das competencias autonómicas aos municipios que sexan capitais de provincia ou teñan unha poboación superior aos setenta mil habitantes, cláusula que vén recoñecer estas facultades ás sete cidades galegas. Non obstante, estas teñen que ser previamente aceptadas polas entidades locais. Ademais, a transferencia ou delegación deberán levar aparellada a dos medios financeiros e económicos e, se é o caso, persoais, precisos en favor das entidades locais beneficiarias.

Ademais de desenvolver as competencias legalmente atribuídas no ámbito municipal, o Concello de Vigo, como parte integrante doutras institucións de carácter supramunicipal, asume unha serie de funcións no terreo do desenvolvemento económico e social do municipio e a bisbarra no seo das organizacións que a continuación pasan a describirse, atendendo á súa natureza e funcións.

O Concello de Vigo forma parte do **Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular**, unha asociación integrada polas dezaoitto principais cidades e vilas que configuran o sistema urbano da Euro-rexión Galicia-Norte de Portugal: A Coruña, Lugo, Ferrol, Ourense, Santiago, Pontevedra, Vigo, Porto, Braga, Bragança, Chaves, Viana do Castelo, Vila Real, Vilagarcía de Arousa, Monforte de Lemos, Guimarães, Peso de Régua e Vila Nova de Gaia.

O Eixo, inserido nun espazo máis vasto, a Unión Europea, ten como finalidade principal o desenvolvemento económico, social, cultural, tecnolóxico e científico das cidades e rexións que o constitúen, en suma, promover a cohesión económica, social e cultural mediante a vertebración dun territorio común, figurando, entre os seus obxectivos principais, a política social e o benestar social.

O Eixo Atlántico nace a iniciativa dos Concellos de Vigo e Porto, constituíndose formalmente en Viana do Castelo no ano 1992. Conta cun gabinete técnico estable con sede en Vigo e Porto, cidades nas que o Eixo ten fixadas as súas sedes permanentes. Desde 1996 vén desenvolvendo foros e xornadas dedebate con axentes políticos e sociais nos que se analiza a realidade dese espazo territorial, con especial atención á súa vertente económica, laboral e social.

Doutra banda, o Concello de Vigo forma parte da **Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo**. A este respecto, o artigo 44 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 135 da Lei de Administración Local de Galicia recoñecen o dereito dos municipios a asociarse en mancomunidades para a execución en común de obras e servizos determinados da súa competencia. As Mancomunidades teñen personalidade e capacidade xurídica para o cumprimento dos seus fins específicos e réxense polos seus estatutos propios.

É en 1992 cando se crean os Estatutos da Mancomunidade, composta naquel momento polos concellos de Baiona, Fornelos de Montes, Gondomar, Mos, Pazos de Borbén, Porriño, Redondela, Salceda de Caselas, Salvaterra do Miño, Soutomaior e Vigo. No ano 1997 estes estatutos foron reformados, reflectíndose a incorporación do Concello de Nigrán e a baixa de Mos, Concello que ingresou novamente a principios do ano 2000.

Desde os seus inicios, esta entidade ten como finalidade principal a prestación de servizos mancomunados que van desde a cooperación en seguridade e infraestruturas ata accións de tipo social e medioambiental. Así mesmo, establécese que pode organizar e prestar servizos de competencia municipal que estean incluídos nas finalidades previstas nos seus estatutos.

Convén aludir tamén, na medida que atinxe aos colectivos sociais con especial dificultade de inserción laboral, entre os que se atopan as mulleres vítimas de violencia, algunhas das accións desenvoltas no marco da Mancomunidade. Así, en primeiro lugar, hai que indicar que en 1999, os concellos que a conforman aproban o Plan de Acción 1999-2003. Entre os obxectivos deste Plan, no eido do desenvolvemento económico e social do espazo territorial da Mancomunidade, contéplase a presentación de candidaturas ás iniciativas europeas EQUAL, LEADER PLUS e INTERREG III.

A Mancomunidade -MAIV- conta, ademais, cunha Unidade de Promoción e Desenvolvemento -UPD-, a cal desenvolveu, entre decembro de 2001 e xuño de 2004, un proxecto promovido pola propia entidade local e cofinanciado pola Consellaría de Asuntos Sociais, Emprego e Relacións Laborais e o Fondo Social Europeo, tendo por obxecto a inserción laboral de persoas desempregadas mediante o apoio na implantación das políticas activas de emprego e a promoción de estratexias e plans de desenvolvemento do territorio.

Por outro lado, como concreción e primeiro froito do Acordo Marco polo Emprego na área metropolitana de Vigo, asinado en xuño de 2001 polas administracións autonómica, provincial e local -a través da Mancomunidade-, xunto cos axentes sociais, a denominada Agrupación para o Desenvolvemento xestiona o Proxecto Compás da Iniciativa Equal da Unión Europea. Esta agrupación íntegra actualmente a Confederación de Empresarios de Pontevedra -CEP-, os sindicatos U.G.T., CC.OO., e C.I.G., a Obra Social de Caixanova, a Deputación Provincial de Pontevedra e a MAIV. Neste sentido, o Concello de Vigo efectúa unha estreita coordinación técnica co Proxecto Compás. Por iso, hai que destacar que no marco deste proxecto estanse a levar a cabo programas formativos e preformativos dos que carecen as persoas nos circuitos normalizados de emprego. O Proxecto conta coa colaboración de distintas empresas dos concellos da Mancomunidade,

materializada a través de diversos instrumentos de colaboración, como cursos de formación con compromiso de contratación ou convenios tutelados en prácticas.

Feita esta aproximación ao marco xurídico básico no que se determina o elenco de competencias municipais, así como a outras funcións que o Concello de Vigo asumiu no marco doutras institucións locais de carácter supramunicipal, comentárase, de seguido, o labor que este vén desenvolvendo no ámbito concreto da violencia de xénero.

Como se indicou en páxinas anteriores, o Concello de Vigo foi pioneiro en España na abordaxe do problema da violencia de xénero, a través do deseño e aprobación dun plan de acción integral de loita contra este fenómeno. Vigo é, ademais, a única cidade de Galicia que conta cun plan destas características.

Así, o 5 de xullo do ano 2000 aprobouse, no Pleno da Corporación Municipal, e por unanimidade, o **I Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2000-2003**. A finalidade deste Plan, elaborado pola Concellaría da Muller, era *“incidir na práctica do xeito máis operativo posible en todos os eidos nos que se sustenta a violencia de xénero”*. Desde este departamento, considerouse fundamental deseñar un plan de actuacións destinadas a intervir en diferentes ámbitos da sociedade, para combater, reducir e facer desaparecer as causas que a orixinan e a manteñen. Para iso, era necesario actuar, dunha banda, co obxectivo de contribuír ao cambio de mentalidades e actitudes a través da sensibilización cidadá e da educación, así como mediante a posta en marcha de medidas que favorecesen a incorporación das mulleres ao espazo público en igualdade de oportunidades co resto dos cidadáns. Doutra, considerouse imprescindible actuar na protección e asistencia directa ás vítimas de malos tratos, respondendo de xeito eficaz e directo á problemática que xorde ao producirse a ruptura coa cadea de violencia.

Así, o Plan contempla estes aspectos de xeito interrelacionado, e nel formulábanse os seguintes obxectivos xerais:

- > “Dotar dun marco de referencia homoxénea a todas as actuacións promovidas na comunidade viguesa dirixidas ao cambio de mentalidades e a acadar a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
- > Impulsar accións de sensibilización e prevención centradas na transmisión de novos modelos de relación igualitarios e non discriminatorios entre mulleres e homes e no uso do diálogo e respecto como ferramenta para afrontar os conflitos.
- > Garantir a asistencia ás mulleres vítimas de malos tratos a través de servizos e recursos que posibiliten:
  - O afastamento do contexto da violencia.
  - A súa incorporación á sociedade.

> Acadar a erradicación da violencia contra as mulleres a partir de actuacións de prevención, sensibilización e apoio ás vítimas”.

Tendo en conta estes obxectivos xerais, así como outros de carácter máis específico que tamén se formulaban, o I Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres estruturábase en tres áreas de actuación: a área de Atención e apoio á vítima, a área de Sensibilización e prevención e unha terceira área de Coordinación e relacións institucionais. Se as dúas primeiras recollen distintas medidas destinadas a incidir nos ámbitos anteriormente citados, a terceira área de actuación, dotada dun carácter transversal para as anteriores, contempla distintas actuacións dirixidas á coordinación e á colaboración con outros municipios limítrofes en materia de violencia, á promoción de accións institucionais e á coordinación interdepartamental mediante a creación dunha Comisión Local Interdepartamental contra os Malos Tratos.

Ademais, tamén cómpre aludir ao **II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de Trato das Mulleres de Vigo 2003-2004**, un Plan ao que o mencionado I Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2000-2003, de carácter específico e urxente, viría complementar, desde a perspectiva da transversalidade. A este respecto, hai que sinalar que das dúas áreas que inclúe este II PIOM -Educación e Emprego-, a abordaxe do problema da violencia de xénero ocupa un lugar central nas accións formativas e sensibilizadoras en materia de coeducación.

Por último, e para finalizar este apartado, un feito relevante a ter en conta é que, como se avanzou en páxinas anteriores, durante a redacción do II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007 que a continuación se presenta, o Goberno Central aproba, concretamente o 25 de xuño de 2004, o **Proxecto de Lei Orgánica de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero**, no que participan os Ministerios de Educación, Xustiza, Interior, Traballo e Asuntos Sociais, Sanidade, Administracións Públicas e Economía, este último co obxecto de garantir os recursos que aseguren a posta en marcha das actuacións. Entre as medidas que contempla o Proxecto, e desde a perspectiva dos distintos departamentos ministeriais poden destacarse as seguintes:

> En materia de Educación farase incluír, entre os fins e principios de calidade do sistema educativo español, a formación no respecto ao dereito á igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

> No ámbito competencial do Ministerio de Xustiza preténdese reforzar a protección penal fronte aos actos de violencia contra as mulleres: sancionaranse con penas de prisión as ameazas e coaccións leves e agravarase a pena por lesións e por quebrantamento da pena ou medida de seguridade imposta en procesos desta natureza. Crearanse, ademais, os novos Xulgados da Violencia sobre a Muller, que coñecerán da instrución, e, no seu caso, do fallo das causas penais en materia de violencia sobre a muller, así como daquelas causas civís relacionadas,

de forma que unhas e outras, e en primeira instancia, sexan obxecto de tratamento procesual na mesma sede; así como a figura do/a Fiscal contra a violencia sobre a muller, e seccións especializadas nas fiscalías. Por outro lado, recoñécese o dereito á asistencia xurídica gratuíta a aquelas vítimas con recursos insuficientes para litigar, asumindo unha mesma dirección letrada a súa asistencia en todos os procesos, estendéndose a medida a todos os prexudicados en caso de falecemento da vítima.

> En canto ás medidas xudiciais de protección e de seguridade das vítimas, hai que destacar o establecemento daquelas destinadas a ordenar, cando o xuíz así o determine, a saída do domicilio, afastamento ou suspensión das comunicacións para o inculpado; e das medidas relativas á suspensión da patria potestade e custodia de menores e da suspensión do réxime de visitas.

> Entre as medidas a poñer en marcha desde o Departamento de Interior, cabe destacar a imposición ao Goberno da obriga de crear nos Corpos Nacional de Policía e a Garda Civil, unidades especializadas para prever a violencia sobre as mulleres e vixiar o cumprimento das ordes xudiciais de protección. Ábrese, ademais, unha vía para que as Policías Locais poidan cooperar co Corpo Nacional de Policía e o Corpo da Garda Civil neste tipo de tarefas. Ademais, obrígase o Goberno a incluír módulos sobre a igualdade e a non discriminación por razón de sexo e contra a violencia sobre as mulleres nos cursos de formación das Forzas e Corpos de Seguridade. Por outro lado, modificárase o Regulamento Penitenciario para que a todos os internos condenados por actos de violencia sobre as mulleres se lles ofrezca a posibilidade de acudir a programas específicos de rehabilitación.

> Por parte do Ministerio de Traballo e Asuntos Sociais, recoñeceríanse unha serie de dereitos para as traballadoras e funcionarias vítimas de violencia que acrediten unha orde de protección: adaptación e redución do seu tempo de traballo, mobilidade xeográfica, suspensión da relación laboral con reserva do posto de traballo e extinción do contrato de traballo, dando dereito, estes dous últimos, á protección por desemprego. O tempo de suspensión considerárase como de cotización efectiva para garantir que non se interrompa a súa contribución á Seguridade Social.

Así mesmo, crearíanse neste Ministerio dous órganos administrativos: a Delegación do Goberno contra a Violencia sobre a Muller, a que correspondería, entre outras funcións, propoñer a política do Goberno en relación coa violencia sobre as mulleres e coordinar e impulsar todas as actuacións que se realizasen nesta materia; e o Observatorio Nacional da Violencia sobre a Muller, como un órgano colexiado do Ministerio, que tería como principais funcións servir como centro de análise da situación e evolución da violencia sobre as mulleres, así como



asesorar e colaborar co/a Delegado/a do Goberno contra a Violencia sobre a Muller na elaboración de propostas e medidas para erradicar este tipo de violencia.

Establecerase un programa de acción específico para a inserción profesional das vítimas deste tipo de violencia que acrediten unha orde de protección, que implicará o cobro da renda activa de inserción. Para as mulleres que non poidan formar parte deste programas debido a unha serie de circunstancias persoais que fan que a súa inclusión non vai mellorar de forma substancial a súa empregabilidade, prevese unha axuda económica que se modulará en atención á idade e responsabilidades familiares da vítima. Así, cando as vítimas sexan maiores de cincuenta e cinco anos e carezan de rendas superiores, en cómputo mensual, ao salario mínimo interprofesional, excluída a parte proporcional de dúas pagas extraordinarias, recibirán unha axuda de pago único, cun importe equivalente ao de seis meses de subsidio por desemprego. No caso de que a vítima teña responsabilidades familiares, o requisito de idade rebaixarase aos cincuenta anos, e o seu importe poderá alcanzar o dun período equivalente ao de dezoito meses de subsidio.

Recoñeceranse os dereitos de información e de asistencia social integral, a través de servizos sociais de atención permanente, urxente, especialización de prestacións e multidisciplinaridade profesional. Para contribuír á posta en funcionamento destes servizos sociais, crearase un fondo ao que poderán acceder as comunidades autónomas, de acordo cos criterios obxectivos que se determinen na respectiva Conferencia Sectorial. Os servizos sociais de atención participarán nos plans de colaboración integral que se establecerán entre todas as administracións públicas para garantir a prevención, asistencia e persecución do maltrato sobre as mulleres.

> En materia de Sanidade promoveranse e impulsaranse actuacións de detección precoz deste tipo de violencia e desenvolveranse programas de sensibilización e formación do persoal sanitario a fin de mellorar a detección, atención e rehabilitación da vítima e estableceranse protocolos sanitarios de actuación, co fin de impulsar as actividades de prevención, detección precoz e intervención continuada, facendo referencia expresa á súa colaboración coa Administración de Xustiza.

> Outras medidas a poñer en marcha son: campañas de información e sensibilización pública de prevención da violencia sobre as mulleres; a inclusión dentro do concepto de publicidade ilícita da utilización do corpo ou a imaxe da muller de forma vexatoria ou discriminatoria, e a consideración das vítimas de violencia como colectivos prioritarios na adxudicación de vivendas protexidas.

É no marco normativo que vén de describirse onde se incardina o II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007 que, de seguido, se presenta.

### ÁMBITO INTERNACIONAL

- Carta das Nacións Unidas. Organización das Nacións Unidas (1945).
- Declaración Universal dos Dereitos Humanos, adoptada e proclamada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas na súa resolución 217 A(III), de 10 de decembro de 1948.
- Convenio para a represión da trata de persoas e da explotación da prostitución allea, 96 U.N.T.S. 271, de entrada en vigor o 25 de xullo de 1951. Organización das Nacións Unidas.
- I Conferencia Mundial sobre as Mulleres. Organización das Nacións Unidas, México (1975).
- Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres. Organización das Nacións Unidas (1979).
- II Conferencia Mundial de Mulleres. Organización das Nacións Unidas, Copenhague (1980).
- “Estratexias orientadas cara o futuro para o adianto da muller entre 1986 e ano 2000”, texto aprobado na Conferencia Mundial para o Exame e a Avaliación dos Logros do Decenio das Nacións Unidas para as Mulleres, Nairobi (1985).
- Conferencia Internacional de Dereitos Humanos. Organización das Nacións Unidas, Viena (1993).
- Declaración sobre a eliminación da violencia contra a muller. Resolución da Asemblea Xeral 48/104 do 20 de decembro de 1993. Asemblea Xeral das Nacións Unidas.
- Texto da Plataforma para a Acción, aprobado na IV Conferencia Mundial sobre as Mulleres. Organización das Nacións Unidas, Beijing (1995).
- Protocolo Facultativo á Convención sobre a Eliminación de todas as Formas de Discriminación contra as Mulleres -CEDAW-. Organización das Nacións Unidas (1999).
- Conferencia “A Muller no ano 2000: igualdade entre os xéneros, desenvolvemento e paz para o século XXI”. Organización das Nacións Unidas, Nova York (2000).
- Informe mundial sobre a violencia e a saúde. Organización Mundial da Saúde (2002).

### ÁMBITO EUROPEO

#### Consello de Europa:

- Resolución (85) 4, de 26 de marzo de 1985, do Comité de Ministros do Consello de Europa sobre violencia no seo da familia.
- Recomendación do Consello de Europa R (90) 2, de 15 de xaneiro de 1990, sobre a adopción de medidas preventivas no seo da familia por parte dos estados membros.
- Declaración do Consello de Europa, de 19 de decembro de 1991, relativa á aplicación da Recomendación da Comisión sobre a Protección da Dignidade da Muller e do Home no Traballo.
- III Conferencia Europea sobre a Igualdade entre Mulleres e Homes. Consello de Europa, Roma (1993).

#### Unión Europea:

- Tratado de Roma, constitutivo da Comunidade Económica Europea (1957).
- Resolución do Parlamento Europeo A-44/86 sobre agresións á muller (1986).

- Recomendación da Comisión Europea 92/131, de 27 de novembro de 1991, sobre medidas para combater o acoso sexual no traballo.
- Tratado da Unión Europea/Tratado de Maastricht (1992).
- III Conferencia Ministerial Europea sobre a igualdade entre a muller e o home. Roma (1993).
- Resolución do Parlamento Europeo sobre o tráfico de mulleres. DO C 286 de 4.10.1993.
- Resolución do Parlamento Europeo sobre a pornografía. DO C 20 de 24.1.1994.
- Resolución A3-0349/94 do Parlamento Europeo sobre as violacións das liberdades e os dereitos fundamentais das mulleres (1994).
- IV Programa de Acción Comunitaria a medio prazo para a igualdade entre homes e mulleres (1995).
- Resolución A4-0250/97, sobre unha Campaña Europea de Tolerancia Cero perante a violencia contra as mulleres (1997).
- Iniciativa Daphne (1997-1999).
- Informe sobre a Comunicación da Comisión ao Consello e ao Parlamento Europeo sobre novas medidas no ámbito da loita contra a trata de mulleres COM (1998) 726-C5-0123/1999/2125 (COS). Comisión de Dereitos da Muller e Igualdade de Oportunidades. Parlamento Europeo.
- Tratado de Amsterdam (1999).
- Estratexia Marco Comunitaria sobre a Igualdade entre Homes e Mulleres (2000-2005). Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas, 07.06. 2000. COM (2000) 335 final.
- Carta de Dereitos Fundamentais da Unión Europea, asinada e proclamada polos presidentes do Parlamento Europeo, do Consello e da Comisión o 7 de decembro de 2000, con ocasión do Consello Europeo de Niza.
- Programa Daphne (2000-2003).
- Informe da Comisión ao Parlamento Europeo e ao Consello sobre o Programa Daphne (2000-2003). Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas, 08.04. 2002. COM (2002) 169 final.
- Programa de Acción Comunitaria (2004-2008) para previr a violencia exercida sobre os nenos e nenas, os mozos e mozas e as mulleres, e protexer as vítimas e grupos de risco -Programa Daphne II-. Comisión das Comunidades Europeas. Bruxelas, 04.02. 2003. COM (2003) 54 final.
- Declaración de Calviá. Conferencia Europea en Materia de Violencia contra as Mulleres e a Infancia (2000).

- 
- Estudio sobre las medidas adoptadas por los Estados miembros de la Unión Europea para luchar contra la violencia hacia las mujeres. Instituto de la Mujer. España 2002, Presidencia de la Unión Europea.
  - Guía de buenas prácticas para paliar los efectos de la violencia contra las mujeres y conseguir su erradicación. Instituto de la Mujer. España 2002, Presidencia de la Unión Europea.

## ÁMBITO ESTATAL

### Lexislación:

- Constitución Española. Aprobada o 6 de decembro de 1978.
- Lei Orgánica 10/1995, de 23 de novembro do Código Penal e as súas modificacións posteriores.
- Lei de Procesamento Criminal de 1882 e modificacións posteriores.
- Código Civil de 1889 e as súas modificacións posteriores.
- Lei 1/2000 de Procesamento Civil e as súas modificacións posteriores.
- Lei 14/1986, do 25 de abril, Xeral de Sanidade.
- Lei Orgánica 1/1990, do 3 de outubro, de Ordenación Xeral do Sistema Educativo.
- Real Decreto Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo, do Estatuto dos Traballadores.

- Lei 35/1995, de 11 de decembro, de axuda e asistencia ás vítimas de delitos violentos e contra a liberdade sexual, e as súas modificacións posteriores.
- Lei 1/1996, de 10 de xaneiro, de asistencia xurídica gratuíta, e as súas modificacións posteriores.
- Lei 38/2002, de 24 de outubro, de reforma parcial da Lei de Procesamento Criminal, sobre procedemento para o xulgamento rápido e inmediato de determinados delitos e faltas e de modificación do procedemento abreviado.
- Lei Orgánica 11/2003, de 29 de setembro, de medidas concretas en materia de seguridade cidadá, violencia doméstica e integración social dos estranxeiros.
- Lei Orgánica 15/2003, de 25 de novembro, pola que se modifica a Lei Orgánica 10/95, de 23 de novembro do Código Penal.
- Lei 27/2003, de 31 de xullo, reguladora da Orde de protección ás vítimas da violencia doméstica.

#### Outros documentos:

- Proposición de Ley Orgánica Integral contra la violencia de género presentada por el Grupo Parlamentario Socialista. Boletín Oficial de las Cortes Generales. Congreso de los Diputados. VII Legislatura. 21 de diciembre de 2001.
- Anteproyecto de Ley Orgánica Integral contra la violencia ejercida sobre la mujer. Aprobado por el Consejo de Ministros el 4 de junio de 2004. Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales.
- Proyecto de Ley Orgánica de medidas de protección integral contra la violencia de género. Boletín Oficial de las Cortes Generales. Congreso de los Diputados. VIII Legislatura. 1 de julio de 2004.

- 
- Informe de conclusiones sobre el Relatorio de Investigación de Malos Tratos de mujeres. Comisión de Derechos Humanos del Senado (1989).
  - I Plan contra la violencia doméstica 1998-2000. Instituto de la Mujer.
  - II Plan Integral contra la violencia doméstica 2001-2004. Instituto de la Mujer.
  - Convenio suscrito entre el Consejo General del Poder Judicial, el Ministerio de Justicia y el Ministerio de Trabajo y Asuntos Sociales, por el que se crea el Observatorio sobre la Violencia Doméstica (2002).
  - Informe sobre violencia contra las mujeres en España. Tasas y tendencias de Homicidio/asesinato 1999-2003. Fundación Mujeres (2003).
  - Protocolo de actuación de las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad y de coordinación con los órganos judiciales para la protección de las víctimas de la violencia doméstica y de género, aprobado el 10 de junio de 2004. Comisión de Seguimiento de la Implantación de la Orden de Protección de las Víctimas de la Violencia Doméstica.

## ÁMBITO AUTONÓMICO

#### Lexislación:

- Ley 5/2001, de prevención de malos tratos y de protección a las mujeres maltratadas. Cortes de Castilla-La Mancha.
- Ley Foral 22/2002, de 2 de julio, para la adopción de medidas integrales contra la violencia sexista. Comunidad Foral de Navarra.
- Ley 16/2003, de prevención y protección integral de las mujeres contra la violencia de género. Comunidad Autónoma de Canarias.
- Ley 1/2004, integral para la prevención de la violencia contra las mujeres y la protección a sus víctimas. Comunidad Autónoma de Cantabria.
- Lei 4/2001, do 31 de maio, reguladora da mediación familiar. Comunidade Autónoma de Galicia.· Decreto 159/2003, do 31 de xaneiro, polo que se regula a figura do mediador familiar, o Rexistro de Mediadores Familiares de Galicia e o recoñecemento da mediación gratuíta.
- Lei 7/2004, de 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes.

#### Plans:

- Plan de actuación del Gobierno Extremeño para avanzar en la erradicación de la violencia contra la mujer (1998-2000).
- Plan de acción del Gobierno Andaluz contra la violencia hacia las mujeres 2001-2004.
- Plan de medidas del Gobierno Valenciano para combatir la violencia que se ejerce contra las mujeres 2001-2004.
- II Plan Integral contra la violencia doméstica 2001-2004 del Gobierno de La Rioja.
- Plan del Principado de Asturias para avanzar en la erradicación de la violencia contra las mujeres (2002-2003).
- Programa Canario para prevenir y erradicar la violencia contra las mujeres (2002-2006).
- Plan de seguridad para las mujeres víctimas de maltrato doméstico (2002-2004) de la Comunidad Autónoma de Euskadi.
- Plan Integral de prevención de la violencia de género y de atención a las mujeres que la padecen 2002-2004, de la Generalitat de Catalunya.
- Plan contra la violencia hacia la mujer en Castilla y León 2002-2005.
- II Plan de acciones contra la violencia hacia las mujeres (2004-2005) de la Comunidad Autónoma de Murcia.
- Plan Integral para la prevención y erradicación de la violencia contra las mujeres en Aragón 2004-2007.
- IV Plan de igualdad de oportunidades de mujeres y hombres de la Comunidad de Madrid (2002-2005).
- III Plan de igualdad de oportunidades das mulleres galegas 1998-2001.
- Plan de acción contra a violencia de xénero en Galicia 2002-2005.

#### Outros documentos:

- Guía contra os malos tratos á muller. Servizo Galego de Igualdade (1999).
- Protocolo xeral de actuación e coordinación no ámbito da Comunidade Autónoma Galega para a atención de mulleres vítimas de malos tratos, asinado pola Consellaría de Sanidade e Servizos Sociais; a Consellaría de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; a Consellaría de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e a Federación Galega de Municipios e Provincias, o 8 de marzo de 2000.
- Coordinación policial ante a violencia de xénero. Guía de boas prácticas. Servizo Galego de Igualdade (2002).
- Abordaxe da violencia de xénero desde o ámbito sanitario. Guía para a prevención, detección e atención en materia de violencia de xénero no ámbito sanitario. Servizo Galego de Igualdade (2002).
- Convenio de colaboración entre a Consellaría de Familia, Xuventude, Deporte e Voluntariado e o Consello da Avogacía Galega para a prestación da mediación familiar de balde e para a realización de actividades formativas de mediación familiar (2003).
- Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Consello da Avogacía Galega para a organización dunha quenda de oficio específica de atención xurídica ás vítimas da violencia doméstica, asinado o 9 de xaneiro de 2004.
- A violencia contra as mulleres en Galicia. Servizo Galego de Igualdade (2004).

#### ÁMBITO LOCAL

##### Lexislación:

- Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Real Decreto 2568/1986, de 28 de decembro. Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

#### Outros documentos:

- Programa Municipal de violencia contra las mujeres en el ámbito doméstico. Ayuntamiento de Madrid (2000).
- Programa de actuación 2003. Maltrato doméstico y agresiones sexuales. Gobierno Vasco, Diputaciones Forales y Ayuntamientos de Vitoria-Gasteiz, Bilbao y Donostia-San Sebastián.
- Plan Municipal de lucha contra la violencia ejercida hacia las mujeres 2003-2005. Ayuntamiento de Vitoria-Gasteiz.
- Propuesta práctica de intervención integral en el ámbito local contra la violencia hacia las mujeres. Federación Española de Municipios y Provincias (2002).
- Conclusiones del “Curso práctico de intervención en el ámbito local contra la violencia hacia las mujeres”. Federación Española de Municipios y Provincias. Valencia, 13 y 14 de octubre de 2003.
- Protocolo xeral de actuacións no ámbito local contra a violencia de xénero, asinado pola Consellaría de Familia, Promoción do Emprego, Muller e Xuventude e a Federación Galega de Municipios e Provincias, o 25 de novembro de 2002.
- Documentación sobre o Eixo Atlántico do Noroeste Peninsular, en [www.eixoatlantico.com](http://www.eixoatlantico.com)
- Documentación sobre a Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo, en [www.maiv.org](http://www.maiv.org)
- I Plan de Acción Municipal para combater a violencia contra as mulleres 2000-2003. Colección Nós Mesmas (nº1). Concellaría da Muller. Concello de Vigo (2000).
- Guía de servizos e recursos para as mulleres de Vigo. Colección Nós Mesmas (nº2). Concellaría da Muller. Concello de Vigo (2002).
- Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller de Vigo. Colección Nós Mesmas (nº3). Concellaría da Muller. Concello de Vigo (2002).
- II Plan Municipal para a Igualdade de Oportunidades e de Trato das Mulleres de Vigo 2003-2004. Colección Nós Mesmas (nº4). Concellaría da Muller. Concello de Vigo (2003).
- Emprego e cidadanía activa das mulleres. Estudo sobre empresas exitosas de mulleres na comarca de Vigo. Colección Nós Mesmas (nº5). Concellaría da Muller do Concello de Vigo en colaboración con “Ovarias. Coordinadora de mulleres contra a violencia” (2003).
- Plan Municipal de Emprego 2004-2007. Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Desenvolvemento Local e Emprego (2004).



El plan de acción municipal  
para combater a violencia  
contra as mulleres

2004-2007

# ESTRUTURA DO PLAN

O II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007 que a continuación se presenta, estrutúrase en catro áreas de intervención: Apoio e seguimento, Optimización e adecuación de recursos, Coordinación e Información e sensibilización.

Integran cada unha destas áreas un número determinado de accións ou medidas destinadas a dar cumprimento a cada un dos obxectivos que previamente se especifican. Así, en todas as áreas, tras a introdución dunha xustificación na que se expoñen os obxectivos xenéricos que se perseguen e que fundamentan o presente Plan de Acción, pasan a detallarse tales obxectivos de carácter específico, que anteceden a acción ou accións a través das que se atenderá á súa consecución.

Cómpre indicar, ademais, que as Áreas 1 e 4 presentan na súa estrutura un nivel superior de desagregación, pois as distintas medidas e obxectivos son agrupados en ámbitos de actuación, ámbitos que atenden aos distintos eidos aos que se dirixe a intervención municipal nas citadas áreas. Os cadros que se expoñen a continuación recollen o número de accións que compoñen cada unha das devanditas catro áreas que integran o Plan, incluíndo, no caso da Área 1 -Apoio e Seguimento, e a Área 4 -Información e sensibilización-, unha serie de ámbitos de actuación nos que se articulan.

Nº ÁREA	ÁREA	Nº ACCIÓNS
1	<b>APOIO E SEGUIMENTO</b>	<b>21</b>
	Seguimento e apoio económico á vítima	6
	Vivenda	1
	Formación	3
	Emprego	3
	Conciliación da vida persoal e laboral	4
	Menores	4

Nº ÁREA	ÁREA	Nº ACCIÓNS
2	<b>OPTIMIZACIÓN E ADECUACIÓN DE RECURSOS</b>	9

Nº ÁREA	ÁREA	Nº ACCIÓNS
3	<b>COORDINACIÓN</b>	5

Nº ÁREA	ÁREA	Nº ACCIÓNS
4	<b>INFORMACIÓN E SENSIBILIZACIÓN</b>	<b>20</b>
	Difusión de recursos	3
	Información e sensibilización social	14
	Investigación	3



# Área de apoio e seguimento

Como se sinala na Introducción, a posta en marcha do I Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2000-2003 permitiu poñer en funcionamento, de xeito coordinado, unha serie de servizos e recursos -algúns deles xa existentes-, coa finalidade de proporcionar unha atención integral ás mulleres vítimas de violencia. A optimización dos servizos e a mellora da atención ao colectivo, filosofía que impregna este II Plan, atópase na base do deseño desta primeira área de actuación, a través da que se pretende incrementar a calidade da atención mediante a posta en marcha de diferentes medidas tendentes a proporcionar un maior apoio á vítima, non só inmediato, senón, desde unha perspectiva a medio prazo, contribuíndo a que as mulleres poidan facer fronte a unha nova etapa nas súas vidas, afastadas da situación de violencia na que se vían inmersas, incorporándose á sociedade como persoas autosuficientes, sen dependencias económicas ou psicolóxicas.

Existirían, así, tres momentos clave aos que se pretende dar resposta mediante a posta en marcha deste conxunto de actuacións: un momento ben concreto e de extrema urxencia no que debe producirse o afastamento do agresor; a continuación, e no caso das usuarias da Casa de Acolida, a fase correspondente á súa saída da Casa, e xa, no que podería denominarse medio prazo, a etapa na que a muller procura estabilizar a súa vida desde o punto de vista persoal, laboral, e social.

Este II Plan incide, pois, no reforzamento dos mecanismos de apoio e seguimento da fase na que as mulleres vítimas da violencia sexista e, no seu caso, os seus fillos e fillas, deben comezar unha nova vida. Así, as medidas que a continuación se detallan diríxense á completa recuperación da vida cotiá das mulleres, á reestruturación familiar e á integración social, e ao fortalecemento persoal en todos os ámbitos: na atención das necesidades máis básicas nos primeiros momentos, facilitando o acceso á vivenda, á formación e ao emprego das propias mulleres, e mesmo atendendo á recuperación psicolóxica dos menores.

Xa que logo, esta primeira área de intervención pretende dar resposta, en distintos estadios, a todas as problemáticas que converxen nunha situación de violencia, mediante a posta en marcha de diferentes accións que o Departamento de Muller ten intención de levar a cabo en estreita coordinación e implicación con outros departamentos municipais nos distintos eidos obxecto de intervención. Estes serían, principalmente, os Departamentos de Benestar Social e Educación, integrados na Concellaría da Área de Asuntos Sociais, o Departamento de Desenvolvemento Local e Emprego da Concellaría da Área de Promoción Económica -que

desenvolvería distintas actuacións no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007-, e o Departamento de Urbanismo, da Concellaría da Área de Urbanismo e Medio Ambiente. Para iso, a Área de Apoio e Seguimento estrutúrase nos seguintes apartados, correspondentes aos distintos ámbitos de actuación considerados: Seguimento e apoio económico á vítima, Vivenda, Formación, Emprego, Conciliación da vida persoal e laboral e Menores.

> Seguimento e apoio económico á vítima

<b>Obxectivo 1</b>	<b><i>Mellorar a atención inmediata ás mulleres vítimas de violencia.</i></b>	
Acción 1.1	Modificar o Regulamento específico do Piso Tutelado de Saída da Casa de Acollida de Mulleres, de cara á reformulación do seu obxecto e funcións, co fin de reconvertelo en Piso de Emerxencia para proporcionar cobertura específica a aquelas situacións singulares que non poden ser atendidas desde a Casa de Acollida.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
Acción 1.2	Facilitar mensualmente un diñeiro de peto ás mulleres residentes na Casa de Acollida que se atopen nunha situación económica precaria, destinándoo a sufragar os gastos de carácter máis persoal.	
<b>Obxectivo 2</b>	<b><i>Reforzar os mecanismos de apoio e seguimento na fase correspondente á saída das mulleres usuarias da Casa de Acollida.</i></b>	
Acción 2.1	Converter/Destinar vivendas de propiedade municipal en pisos de saída destinados ás mulleres usuarias da Casa de Acollida en situación económica precaria e para os casos que precisen dun maior seguimento e acompañamento persoal.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller e Concellaría da Área de Urbanismo e Medio Ambiente. Departamento de Urbanismo
Acción 2.2	Modificar os instrumentos polos que se regula a adxudicación de axudas económicas para facer fronte aos gastos puntuais e extraordinarios que implica a saída da Casa, co obxecto de flexibilizar os criterios de concesión respecto da periodicidade da súa entrega -pago único ou pago fraccionado-, así como da cantidade asignada, establecendo dous tipos de contía: unha contía máxima ordinaria e unha contía máxima extraordinaria que se concederá mediante tramitación presentada polo persoal técnico do Departamento de Muller.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller

<b>Obxectivo</b> 4	<b>Potenciar o acceso das mulleres que anualmente ingresan na Casa de Acollida aos servizos municipais deportivos e de lecer.</b>	
Acción 4.1	Formalizar a través de ordenanzas municipais e outros instrumentos xurídicos a prioridade das mulleres usuarias da Casa de Acollida e ex-usuarias que participen en programas municipais de reinserción social no acceso aos servizos municipais que se determinen.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller

## > Vivenda

<b>Obxectivo</b> 5	<b>Favorecer o acceso das mulleres vítimas de violencia á vivenda.</b>	
Acción 5.1	Dar carácter preferente e/ou específico para o acceso á vivenda financiada total ou parcialmente con fondos públicos e/ou de promoción municipal ao colectivo de mulleres vítimas de violencia que carezan de recursos económicos suficientes.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Urbanismo e Medio Ambiente. Departamento de Urbanismo

## > Formación *(As accións incluídas neste apartado executaranse no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007)*

<b>Obxectivo</b> 6	<b>Favorecer o acceso das mulleres vítimas de violencia á formación.</b>	
Acción 6.1	Deseñar itinerarios de formación ocupacional adaptados ás demandas reais do mercado laboral, que incidan na cualificación das mulleres vítimas de violencia, especialmente para o desenvolvemento de traballos relacionados coas novas cuncas de emprego -servizos de atención domiciliaria, turismo, artesanía, etc.-.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Desenvolvemento Local e Emprego
Acción 6.2	Incorporar nos proxectos de formación que se desenvolvan ao abeiro do Plan Municipal de Emprego -escolas obradoiro, obradoiros de emprego, etc.- a prioridade na participación do colectivo de referencia, dando cabida a totalidade das mulleres que anualmente ingresan na Casa de Acollida.	
Acción 6.3	Acadar acordos de colaboración con empresas do municipio e da comarca para o desenvolvemento de accións formativas con compromiso de contratación que inclúan as mulleres vítimas de violencia como colectivo preferente.	

> Emprego (As accións incluídas neste apartado executaranse no marco do Plan Municipal de Emprego 2004-2007)

Obxectivo 7	Favorecer a inserción das mulleres vítimas de violencia no mercado laboral.	
Acción 7.1	Ofrecer experiencia profesional ás mulleres vítimas de violencia, garantindo oportunidades efectivas de emprego a través do establecemento de contratos temporais para o desenvolvemento de obras e servizos de interese social e a realización de actuacións de melloras da cidade no marco dos Programas de cooperación Xunta-Concello e do Programa Bial - Brigadas de inserción e actuación local-.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica Departamento de Desenvolvemento Local e Emprego
Acción 7.2	Establecer axudas municipais á contratación, destinadas ás empresas e entidades que realicen contratos temporais ás mulleres vítimas de violencia, así como axudas de autoemprego dirixidas a elas.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica Departamento de Desenvolvemento Local e Emprego
Acción 7.3	Incluír na oferta municipal de emprego a reserva de postos de traballo para mulleres vítimas de violencia de xénero.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica Xestión Municipal Departamento de Personal

> Conciliación da vida persoal e laboral

Obxectivo 8	Contribuír á harmonización da vida laboral/profesional e persoal das mulleres vítimas de violencia.	
Acción 8.1	Instar as empresas á aplicación da flexibilización de horarios para as mulleres traballadoras vítimas de violencia, mediante o desenvolvemento de campañas de sensibilización, procesos de mediación e/ou intervención específica.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamentos de Desenvolvemento Local e Emprego e Muller
Acción 8.2	Poñer en marcha servizos de gardería 24 horas que prioricen o acceso ás mulleres vítimas de violencia, e que ademais de facilitar a incorporación ao mercado laboral e a participación en actividades de formación do colectivo con cargas familiares, permitan a súa utilización no tempo de ocio.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Asuntos Sociais. Departamento de Educación
Acción 8.3	Acadar acordos de colaboración con asociacións asistenciais e da saúde do municipio dotadas de recursos e que desenvolvan funcións de apoio á/ao menor, en aras de proporcionar atención e coidado aos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia.	
Acción 8.4	Revisar os criterios de acceso ás prestacións individuais do Servizo de Atención Domiciliaria á Infancia -SADI-, a fin de: 1. Considerar como preferente o colectivo de referencia. 2. Modificar os criterios de acceso ao servizo, atendendo á realidade económica das mulleres, para o que se terá en conta a totalidade de ingresos e gastos da unidade de convivencia -vivienda, saúde, ensino, etc.-. 3. Circunscribir a prestación individual do Servizo a aqueles casos nos que a atención dos/as menores non poida ser cuberta a través doutros servizos -garderías, ludotecas, centros de día de atención ao/á menor- por circunstancias diversas, especialmente as asociadas á idade dos nenos e nenas e ao horario de demanda do servizo. 4. Poñer en marcha un Programa de Infancia que coordine os distintos recursos, de cara a facilitar atención e coidado aos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia as 24 horas do día durante todo o ano.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller e Concellaría da Área de Asuntos Sociais. Departamentos de Educación e Benestar Social

> Menores

<b>Obxectivo</b> <b>9</b>	<b>Reducir os efectos psicolóxicos e sociais da violencia intrafamiliar sobre as fillas e fillos das vítimas.</b>	
Acción 9.1	Instar a Administración Autonómica ao establecemento de convenios dirixidos a proporcionar asistencia psicolóxica especializada ás fillas e fillos das mulleres que padeceron situacións de violencia desde o Servizo Galego de Saúde.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
Acción 9.2	Propoñer aos departamentos municipais competentes en materia de Benestar Social, Educación, Xuventude, Deporte e Cultura e Festas, a inclusión das fillas e fillos de mulleres vítimas de violencia como colectivo preferente nos servizos, programas e accións -futuras e actuais- que se presten/desenvolvan, tanto no referente ao acceso a actividades lúdicas e deportivas, como de apoio educativo/escolar, etc.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamentos de Muller, Xuventude e Deportes e Concellaría da Área de Asuntos Sociais. Departamentos de Cultura e Festas, Educación e Benestar Social
Acción 9.3	Afondar na coordinación coa Administración Autonómica de cara a optimizar o funcionamento do Punto de Encontro Familiar, contribuíndo ao cumprimento das garantías de seguridade necesarias para o desenvolvemento das visitas dos proxenitores ás súas fillas e fillos menores, e valorando, se fose preciso, a creación dun protocolo ou comisión de seguimento de casos.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller e Concellaría da Área de Asuntos Sociais. Departamento de Benestar Social

<b>Obxectivo</b> <b>10</b>	<b>Priorizar o acceso dos fillos e fillas das mulleres vítimas de violencia ás Escolas Infantís Municipais.</b>	
Acción 10.1	Modificar e/ou adaptar o acceso e a matriculación de menores ás Escolas Infantís Municipais, a fin de: 1. Considerar como colectivo preferente nos procesos de matriculación as fillas e os fillos das mulleres vítimas de violencia doméstica. 2. Establecer como factor cualificado para a concesión de axudas municipais escolares, de comedor e material escolar, incluídas no Programa de Apoio á Escolarización, o padecemento de situacións de violencia, nos casos en que a muller non dispoña de recursos económicos suficientes.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Asuntos Sociais. Departamentos de Educación e Benestar Social

# Área de optimización e adecuación de recursos

Cando unha muller é vítima da violencia sexista, nas súas distintas manifestacións, debe coñecer os procedementos que lle permitirán poñer fin a esa situación, os recursos legais, sociais e asistenciais que a sociedade pon ao seu alcance. Neste sentido, a Administración debe dar resposta a estas circunstancias, resolvendo as demandas de información e apoio, tanto das propias mulleres como dos demais membros da unidade familiar que se vexan afectados. Para iso, a través do I Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres, a Concellaría da Muller do Concello de Vigo creaba, ao tempo que atendía a optimizar, unha serie de servizos dirixidos á poboación feminina en xeral, e ás vítimas da violencia de xénero en particular.

Así, os principais servizos existentes en materia de información ás mulleres son o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller<sup>17</sup>, os dous Puntos Informa -un deles situado no populoso barrio de Coia, o outro, no Casco Vello da cidade- e o Servizo municipal de información e asesoramento telefónico para as mulleres -Teléfono 24 horas-, especialmente dirixido ás vítimas de violencia, que ten como obxectivo dar cobertura aos casos urxentes, polo que se atopa en funcionamento as 24 horas do día durante todo o ano, sendo atendido desde o citado CMIDM durante o seu horario e, fóra deste, desde a Casa de Acolida de Mulleres.

No entanto, a experiencia acumulada demostra que a meirande parte das chamadas recibidas desde este servizo constitúen demandas de información xenérica sobre múltiples asuntos que afectan ás mulleres, sen relación directa coa problemática da violencia sexista. Parece, entón, conveniente, que este tipo de consultas sexan atendidas, fóra do horario de funcionamento do CMIDM, no Teléfono Municipal de Información 010, un servizo de información xeral que, mediante a implantación dun proceso de formación do seu persoal, viría a dar resposta a aquelas consultas relacionadas con información de carácter básico de interese para a poboación feminina, en tanto que as demandas de información que transcendan a simple consulta xenérica, e máis especificamente as relacionadas coa violencia de xénero, serían derivadas directamente ao teléfono da Casa de Acolida.

17.- CMIDM.

Doutra banda, considérase fundamental mellorar o acceso das mulleres á información sobre recursos, e máis en concreto sobre as axudas de carácter social-asistencial dispoñibles, pois en ocasións detéctase un escaso nivel de utilización dalgúns dos recursos e axudas que as distintas administracións ofrecen á poboación xeral, e ás mulleres en particular, feito que se explicaría tanto polo propio descoñecemento da súa existencia, como dos procedementos de acceso a eles.

Ademais, un mellor coñecemento dos recursos públicos podería reverter nun incremento do uso dos servizos sociais, nun maior nivel de información verbo dos dereitos das mulleres vítimas da violencia sexista e, polo tanto, nun aumento da detección deste tipo de situacións e, en consecuencia, das posibilidades de intervención e resolución.

Precisamente, en canto ao recurso aos servizos sociais municipais por parte da poboación feminina, deben poñerse en práctica mecanismos tendentes a normalizar a atención ás mulleres que posibiliten que as demandas de carácter xenérico poidan recibir resposta desde tales servizos, e non se produza, necesariamente, a derivación a outros de carácter especializado.

Noutra orde de cousas, a prestación dunha adecuada atención ás mulleres vítimas de violencia só pode realizarse desde o convencemento da necesaria profesionalidade do persoal que, desde os distintos servizos, ten un contacto máis directo co colectivo. É pois, necesario, proporcionar a formación necesaria ás profesionais dos distintos servizos municipais de atención ás mulleres, promovendo, así mesmo, a posta en marcha de accións formativas no seo do movemento asociativo e entre os distintos colectivos profesionais que, no desenvolvemento cotiá do seu traballo, se sitúan en estreito contacto co fenómeno da violencia de xénero.

Por outro lado, a intervención da Policía Local en boa parte dos casos de violencia contra as mulleres que se producen, fai conveniente atribuír a este corpo un papel máis activo neste terreo, para o que, en aras dunha adecuada atención ás vítimas, convén potenciar a participación dos seus membros en procesos formativos que procuren unha maior información, formación e sensibilización en materia de violencia de xénero.

Por último, a optimización dos recursos tamén debe vir da man da mellora dos protocolos internos de actuación dos servizos de atención ás mulleres -principalmente do CMIDM e da Casa de Acollida de Mulleres Maltratadas-, así como a través do deseño dun sistema de información uniforme para todos os servizos en contacto directo con esta problemática que permita a Administración Municipal dispoñer de información relevante sobre a tipoloxía de casos e a poboación atendida.

<b>Obxectivo 1</b>	<b>Mellorar o acceso da poboación feminina á información sobre os seus dereitos.</b>	
Acción 1.1	Proporcionar formación e información básica sobre os dereitos das mulleres ao persoal municipal do Teléfono 010, que possibilite a realización de consultas telefónicas por parte da poboación fóra do horario de funcionamento do CMIDM.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamentos de Muller e Participación Cidadá
Acción 1.2	Mellorar a facilitación de información sobre as axudas sociais existentes á poboación xeral, e sobre aquelas específicas dirixidas a mulleres vítimas de violencia, mediante a edición e difusión de folletos informativos.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
Acción 1.3	Normalizar a atención ás mulleres desde o punto de vista da organización dos servizos sociais, especializando o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller na atención específica ás mulleres, implicando no resto de funcións que agora presta aquel os outros recursos dos Servizos Sociais Municipais.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller e Concellaría da Área de Asuntos Sociais. Departamento de Benestar Social

<b>Obxectivo 2</b>	<b>Proporcionar unha adecuada atención ás mulleres vítimas de violencia a través da formación e a especialización das persoas profesionais en todos os servizos de atención e apoio ás mulleres vítimas de violencia.</b>	
Acción 2.1	Desenvolver accións formativas dirixidas ao persoal do CMIDM, da Casa de Acollda e Piso Tutelado, así como ás profesionais doutros servizos especializados.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
Acción 2.2	Potenciar a formación no seo das asociacións de mulleres mediante a colaboración na organización e desenvolvemento de accións formativas.	Departamento de Muller
Acción 2.3	Implantar módulos formativos sobre violencia contra as mulleres dirixidos aos membros da Policía Local, mediante a subscripción de convenios coa Academia Galega de Seguridade.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Mobilidade e Seguridade. Departamento de Seguridade
Acción 2.4	Organizar unhas xornadas de traballo interprofesional que permitan a posta en común de accións de abordaxe e prevención do fenómeno da violencia de xénero, para sectores profesionais do dereito e a xudicatura, servizos sanitarios de atención primaria e especializada, corpos policiais e servizos sociais comunitarios e especializados.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller

<b>Obxectivo 3</b>	<b>Unificar e simplificar os sistemas e procedementos de recollida de información sobre a atención ás mulleres vítimas de violencia en todos os servizos de atención especializada ao colectivo.</b>	
Acción 3.1	Mellorar e, no seu caso, simplificar, os modelos correspondentes aos procedementos de recollida de información e aos protocolos internos de actuación dos servizos de atención ás mulleres vítimas de violencia, en especial os do Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller e a Casa de Acollda de Mulleres Maltratadas.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
Acción 3.2	Habilitar un sistema de información que permita unha uniforme e normalizada recollida de datos sobre a intervención municipal en materia de atención ao colectivo de referencia, de cara a facilitar a súa explotación.	Departamento de Muller



# Área de coordinación

A optimización e adecuación de recursos que se vén de comentar en páxinas anteriores e a mellora e incremento de actuacións relacionadas coa cobertura das necesidades básicas das mulleres, que se materializaría na aplicación das medidas de apoio e seguimento detalladas na Área 1, precisan da coordinación entre servizos, nunha perspectiva de atención integral ás mulleres vítimas de violencia. Esta coordinación debe ter lugar en dous niveis: a nivel interno ou interdepartamental, isto é, no seo da propia Administración Local, en aras de ofrecer unha actuación harmónica por parte dos distintos servizos municipais, e, a nivel externo ou interadministrativo, dentro da mesma filosofía, así como tamén coa intención de proceder a unha asignación eficiente de recursos, a fin de evitar a duplicación de servizos e contribuír así a optimizar a aplicación dos orzamentos públicos. O principio de cooperación entre administracións subxace, pois, a esta noción de coordinación entre servizos, a cal se vería realizada mediante a subscripción de convenios de colaboración, así como a través da elaboración de protocolos de actuación que permitan unha adecuada derivación das mulleres vítimas e as persoas dependentes delas aos distintos servizos de atención.

Ademais, ese principio de entendemento e cooperación pode estenderse a outros axentes sociais, en especial ás entidades de carácter asociativo, instaurando mecanismos de colaboración que posibiliten a prestación dunha mellor atención ao colectivo de referencia.

<b>Obxectivo</b> <b>1</b>	<b>Mellorar a coordinación entre os distintos servizos e recursos máis directamente implicados na atención ás mulleres vítimas de violencia.</b>	
<b>Acción</b> 1.1	Reforzar os mecanismos de coordinación entre a Oficina da Muller, o Centro Municipal de Información dos Dereitos da Muller, a Casa de Acolida e as asociacións que prestan atención ao colectivo de referencia, realizando un seguimento conxunto e continuo dos casos de violencia atendidos.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
<b>Acción</b> 1.2	Reforzar os mecanismos de coordinación entre o Departamento de Muller e outros departamentos municipais -Benestar Social, Desenvolvemento Local e Emprego, Urbanismo e Seguridade- mediante a elaboración e posta en marcha de protocolos internos de actuación.	

<b>Obxectivo</b> 2	<b>Potenciar a descentralización dos servizos e recursos da Administración Local para facilitar a detección e denuncia da violencia.</b>	
Acción 2.1	Potenciar a colaboración e a coordinación entre as concellarías de distrito e as vogalías da muller das distintas asociacións para o desenvolvemento de accións que contribúan á detección, denuncia e asesoramento en materia de violencia.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller e Concellarías de Distrito

<b>Obxectivo</b> 3	<b>Optimizar a prestación dos servizos de atención ao colectivo de referencia mediante o fomento da coordinación e a colaboración con outras administracións públicas.</b>	
Acción 3.1	Instar a outras administracións á sinatura de convenios de colaboración que permitan a prestación dunha atención específica e adecuada ás mulleres vítimas de violencia e persoas dependentes delas en materia de seguridade, atención sanitaria e benestar social.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller e, subsidiariamente, os departamentos citados
Acción 3.2	Instar as administracións competentes <sup>18</sup> ao consenso, elaboración e/ ou adopción de protocolos de actuación para unha eficiente e eficaz derivación aos seus servizos de atención das mulleres vítimas de violencia e persoas dependentes delas.	

18.- Sen prexuízo da colaboración e a participación doutras administracións públicas, como a Provincial e a Central, na mellora da prestación de atención ao colectivo, a adopción de protocolos implicaría a entes autonómicos como a Consellaría de Xustiza, Interior e Administración Local, o Servizo Galego de Saúde, o Servizo Galego de Igualdade, etc..

# Área de información e sensibilización

A pesar dos esforzos realizados en materia de sensibilización e prevención contra a violencia de xénero, a realidade actual evidencia que este fenómeno constitúe unha problemática social de primeira orde. Neste sentido, os poderes públicos deben abandeirar a denuncia e condena deste tipo de violencia, impulsando, así mesmo, a implicación da sociedade civil no rexeitamento de todo tipo de actitudes e condutas violentas dirixidas cara ás mulleres.

Así, se ben se teñen producido avances significativos no que respecta ao recoñecemento social e á identificación do fenómeno -considerado nalgúns sectores da poboación, ata non hai moito tempo, como un problema de orde doméstica ou familiar e, polo tanto, circunscrito á privacidade da vida das persoas-, precísase seguir desenvolvendo campañas de sensibilización social que informen e conciencien a cidadanía sobre distintos aspectos desta problemática. Estas campañas deben, pois, incidir de xeito novedoso naqueles elementos máis controvertidos da violencia sexista: dunha banda, poñendo de manifesto a incidencia dos casos que producen menor alarma social, os malos tratos de carácter psicolóxico; e doutra, focalizándoas na figura do agresor, visibilizando os trazos máis característicos do comportamento dos homes maltratadores.

Ademais, xa desde unha perspectiva de carácter máis netamente informativo, as campañas que se deseñen poden fornecer información verbo de aspectos como a obriga cívica de denunciar os casos de violencia, o procedemento de denuncia anónima e os pasos a seguir pola vítima perante un episodio de violencia.

A este respecto hai que salientar o importante labor que diversos colectivos e asociacións de mulleres veñen desenvolvendo neste eido na cidade de Vigo. Por iso, cómpre continuar fomentando este traballo en materia de prevención e sensibilización entre a cidadanía.

Se ben a sensibilización e información sobre o fenómeno deben chegar ao conxunto da sociedade, a infancia e a mocidade constitúen colectivos claves desde a perspectiva da prevención da violencia. Por iso, hai que continuar co labor educacional/informativo que se viña realizando neste ámbito. Así, os centros de ensino da cidade, con independencia do seu carácter público ou privado, deben seguir constituindo parte fundamental do sistema informativo non formal contra a violencia de xénero, pois a Coeducación, como materia transversal, xoga un papel fundamental de cara á prevención da violencia de xénero desde a escola, en especial entre os nenos e nenas, isto é, nos niveis de Educación Infantil e Primaria, nos que semella máis doado incidir na conformación de actitudes e comportamentos.

Porén, cómpre estender este labor educacional/informativo a outros ámbitos distintos ao escolar. Por iso, neste II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres preténdese chegar ao colectivo dos mozos e mozas viguesas a través doutras actividades informativas que fomenten a igualdade entre sexos implicando a outros entes, como as organizacións xuvenís e os clubs de xuventude da cidade.

Noutra orde de cousas, considérase tamén imprescindible realizar un labor de sensibilización e información específico entre o persoal da Administración Municipal que máis facilmente pode entrar en contacto coa problemática da violencia -Departamentos de Benestar Social e Desenvolvemento Local e Emprego-. Así mesmo, a perspectiva de xénero debe impregnar os actos administrativos que se realicen nos distintos departamentos municipais, incluíndose, nos casos en que proceda, cláusulas sociais que dean prioridade ao colectivo de referencia.

Finalmente, a difusión de recursos e a investigación constitúen tamén ámbitos fundamentais de actuación. Así, cómpre seguir difundindo os distintos recursos e servizos destinados especificamente á loita contra a violencia cara ás mulleres, e, por outro lado, potenciar o estudo e a investigación sobre as distintas formas a través das cales se manifesta este fenómeno.

O cadro que se mostra a continuación recolle os tres ámbitos de actuación nos que se estrutura esta cuarta área do Plan: Difusión de recursos, Información e sensibilización social e Investigación.

## > Difusión de recursos

<b>Obxectivo 1</b>	<b><i>Difundir os recursos, servizos e actuacións desenvoltas en materia de violencia cara ás mulleres.</i></b>	
Acción 1.1	Publicar e difundir o II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres 2004-2007.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
Acción 1.2	Elaborar unha guía informativa sobre os recursos e servizos existentes e as pautas de actuación perante os episodios de violencia.	
Acción 1.3	Incluír na páxina web municipal un apartado de acceso para a información de servizos e recursos existentes en materia de violencia de xénero.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Xestión Municipal. Departamento de Persoal

> Información e sensibilización social

Medidas dirixidas ás poboación xeral:

<b>Obxectivo</b> <b>2</b>	<b>Sensibilizar e informar á poboación xeral sobre o fenómeno da violencia de xénero.</b>	
Acción 2.1	<p>Realizar campañas de sensibilización social sobre a violencia contra as mulleres, continuadas no tempo e centradas nos seguintes eidos:</p> <ol style="list-style-type: none"> <li>1. Dirixidas ao conxunto da cidadanía co obxecto de informar verbo do deber cívico de denunciar os casos de violencia, que incluírán a elaboración, edición e difusión de folletos informativos relativos ao procedemento de denuncia anónima de casos.</li> <li>2. Dirixidas ao conxunto da cidadanía que, na procura dun rexeitamento social do agresor, teñan como obxectivo visibilizar a figura do maltratador e os trazos máis característicos do seu comportamento.</li> <li>3. Dirixidas ao conxunto da cidadanía, incidindo no maltrato de carácter psicolóxico.</li> <li>4. Dirixidas especialmente ás mulleres, nas que se informe detalladamente verbo dos dereitos e os pasos a seguir perante os episodios de violencia, apoiadas na difusión do material preexistente ou na elaboración e difusión de folletos informativos.</li> </ol>	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
Acción 2.2	<p>Proseguir no fomento do labor desenvolto polo tecido asociativo no eido da prevención e sensibilización cidadá en materia de violencia contra as mulleres, contribuíndo á coordinación entre as distintas asociacións e colectivos.</p>	
Acción 2.3	<p>Participar en campañas de sensibilización sobre a violencia de xénero que se promovan con carácter institucional desde outras administracións públicas.</p>	

Medidas dirixidas á infancia e xuventude:

Obxectivo 3	<i>Fomentar a igualdade entre xéneros no ámbito educativo e contribuír á erradicación das actitudes que se fundamentan na violencia, fundamentalmente nos niveis de Educación Infantil e Primaria.</i>	
Acción 3.1	Considerar os centros de ensino vigueses, tanto de dependencia pública como privada, a par tir da súa implicación, como parte do sistema informativo non formal contra a violencia de xénero, mellorando a dotación de instrumentos informativos susceptibles de utilización como ferramenta educativa no ámbito dos mesmos.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Asuntos Sociais. Departamento de Educación e Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamento de Muller
Acción 3.2	Presentar á consideración do Consello Escolar Municipal, e posteriormente dos consellos escolares de centro, a adhesión ao presente Plan naquelas medidas relacionadas coa educación, explicitando as diversas accións informativas a desenvolver no seo da comunidade educativa de Vigo durante o período de vixencia do Plan. Do seguimento das mesmas darase conta a cada consello.	
Acción 3.3	Planificar, en colaboración coas ANPA's, a organización de actividades en horario extraescolar que aborden a problemática da violencia de xénero a través do deseño e posta en marcha de programas educativos de carácter lúdico dirixidas aos ciclos de Educación Infantil e Educación Primaria.	
Acción 3.4	Introducir nos programas formativos das Escolas de Nais e Pais, especialmente nos dirixidos ás familias con fillos e fillas dos ciclos de Educación Infantil e Educación Primaria, módulos relativos á Coeducación e prevención da violencia de xénero.	
Acción 3.5	Proseguir coa elaboración de unidades didácticas sobre Igualdade entre xéneros e a súa difusión no sistema educativo.	

(As accións incluídas neste apartado executaranse no marco do Plan Nexus, desenvolto desde a Área de Xuventude)

Obxectivo 4	<i>Prever as actitudes que se fundamentan na violencia entre a mocidade.</i>	
Acción 4.1	Instar á realización de accións informativas sobre a necesidade de construír relacións respectuosas entre mozos e mozas a través da instalación de paneis informativos nos locais das asociacións xuvenís, clubs de xuventude, e outros servizos, así como en institutos de ensino e colexios colaboradores.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica. Departamentos de Muller e Deportes e Concellaría da Área de Asuntos Sociais. Departamento de Educación
Acción 4.2	Instar á realización dun obradoiro de habilidades e relacións sociais, desde o enfoque de xénero, destinado á aprendizaxe de relacións respectuosas entre os sexos, dirixidos á mocidade, a través das organizacións xuvenís e clubs de xuventude existentes na cidade.	

Medidas dirixidas ao persoal da Administración Local:

<b>Obxectivo</b> <b>5</b>	<b><i>Sensibilizar e informar o persoal técnico municipal en materia de violencia contra as mulleres.</i></b>	
Acción 5.1	Realizar sesións informativas para a abordaxe administrativa da problemática da violencia exercida cara ás mulleres, dirixidas ao persoal dos Departamentos de Benestar Social e Desenvolvemento Local e Emprego.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Asuntos Sociais, Departamento de Benestar Social e
Acción 5.2	Impartir sesións informativas e de sensibilización dirixidas ás persoas profesionais que participan nos diferentes programas dos Departamentos de B enestar Social e Desenvolvemento Local e Emprego.	Concellaría da Área de Promoción Económica, Departamentos de Desenvolvemento Local e Emprego e Muller
Acción 5.3	Incorporar temas relativos á prevención, atención e protección das mulleres vítimas da violencia de xénero nos temarios de procesos selectivos municipais -oferta pública de emprego, bolsas de traballo temporal, procesos de promoción interna, etc.- para aquelas figuras profesionais municipais, cuxas funcións garden relación coa devandita problemática.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Xestión Municipal, Departamentos de Persoal e Contratación
Acción 5.4	Incorporar a variable xénero en todos os cuantificadores, contratos e concursos públicos realizados nos distintos departamentos da Administración Municipal, incluíndo así mesmo cláusulas sociais que dean prioridade ao colectivo de referencia.	Departamento responsable: Todas as Concellarías

> Investigación

<b>Obxectivo</b> <b>6</b>	<b><i>Potenciar o estudo e a investigación sobre o fenómeno da violencia de xénero.</i></b>	
Acción 6.1	Realizar xornadas ou congresos nos que se aborden as distintas formas de violencia contra as mulleres.	Departamento responsable: Concellaría da Área de Promoción Económica, Departamento de Muller
Acción 6.2	Realizar un estudo e análise do fenómeno da violencia contra as mulleres na cidade de Vigo.	
Acción 6.3	Proseguir a realización dun congreso de intercambio de boas prácticas.	

# TEMPORALIZACIÓN E ORZAMENTO

## > Desenvolvemento do Plan

CRONOGRAMA DO PLAN				
	2004	2005	2006	2007
	Xullo-decembro	Xaneiro-decembro	Xaneiro-decembro	Xaneiro-decembro
Elaboración e aprobación				
Desenvolvemento de accións e seguimento				
Avaliación final				

## > Orzamento

Para o desenvolvemento do presente Plan consígnase un orzamento anual específico de 66.000,00 euros, a xestionar polo Departamento de Muller. Tendo en conta o amplo abano temático das medidas nel contidas e o carácter transversal das máis das estratexias que o configuran, hai que engadir a esa cifra as demais partidas orzamentarias do propio Departamento de Muller que se destinarán, en medida variable, a algunhas de tales accións; así como as correspondentes a outras Concellarías de Área para a execución das respectivas accións que lles cumpren.

# CRITERIOS DE AVALIACIÓN

O II Plan de Acción Municipal para Combater a Violencia contra as Mulleres, como instrumento que recolle un conxunto de políticas públicas a desenvolver nun período de tempo determinado, debe ser obxecto de seguimento e avaliación co fin de obter información relevante sobre o proceso de execución das distintas medidas e a asignación de recursos que se realiza -o que ademais permitirá un reaxuste continuo das accións contempladas-, así como tamén sobre os resultados e impacto entre a poboación. Entón, a avaliación, máis alá, da súa utilidade e importancia como ferramenta de control interno e externo da acción da Administración, permite dispoñer de información de cara ao establecemento de futuros plans e liñas de actuación.



Polo tanto, o modelo de avaliación que se propón consideraría distintos niveis:

> **Avaliación da implementación:** Neste primeiro nivel trátase de obter información relativa á posta en marcha das medidas contempladas; cales están a ser implantadas e cales non; coñecer as causas da non execución e as características do comezo.

> **Avaliación de proceso:** A súa finalidade é coñecer de que xeito se están a executar as medidas ou accións deseñadas, o *modus operandi*, en canto á asignación adecuada de recursos humanos, técnicos e materiais. Ademais, a avaliación neste nivel permite o reaxuste, a corrección e a modificación dos criterios iniciais.

> **Avaliación de resultados:** Neste último nivel a avaliación que se deseñe terá por obxecto coñecer se os resultados da execución das accións son os esperados, en que casos non é así, procurando evidenciar, nesa eventualidade, os efectos non previstos. Ademais, neste punto, a avaliación pode fornecer información sobre o impacto das accións implementadas entre a poboación.

Se estes son os criterios xenéricos de desenvolvemento do proceso avaliativo, a planificación da súa estratexia debe atender a outros aspectos: os órganos responsables da súa posta en práctica, as ferramentas e indicadores a empregar, a periodicidade da elaboración e presentación de informes, etc. Por outro lado, atendendo ao distinto carácter das accións que se recollen no presente Plan, convén facer as seguintes apreciacións:

> Cómpre ter en conta o **grao de concreción** das distintas accións. Así, por exemplo, a execución das medidas que presentan un grao de especificación reducido, como por exemplo a Acción 3.1 da Área de Información e sensibilización -“*Considerar os centros de ensino vigueses, tanto de dependencia pública como privada, a partir da súa implicación, como parte do sistema informativo non formal contra a violencia de xénero, mellorando a dotación de instrumentos informativos susceptibles de utilización como ferramenta educativa no ámbito dos mesmos*”-, deberían implicar unha máis coidadosa avaliación da súa implementación, xa que a súa materialización pode producirse a través de actuacións moi diversas. Pola contra, a concreción dalgunhas accións como a Acción 1.3 da mesma área -“*Incluír na páxina web municipal un apartado de doado acceso para a información de servizos e recursos existentes en materia de violencia de xénero*”-, non precisaría dunha avaliación da implementación tan minuciosa, implicando, no entanto, maior dificultade establecer as ferramentas e os indicadores necesarios para avaliar os seus resultados e impacto.

> Doutra banda, a **poboación destinataria** das medidas tamén vai condicionar a selección das ferramentas e os indicadores necesarios para a avaliación de resultados, o que supón diferentes graos de complexidade para a cuantificación da poboación beneficiaria. Semella, lóxico, pois, que as medidas destinadas a colectivos concretos -as mesmas mulleres vítimas de violencia, o persoal que desenvolve

o seu labor nos servizos específicos de mulleres, etc.- permitan efectuar unha avaliación de resultados máis precisa que as que teñen por destinatarios á poboación xeral, sectores desta ou, por exemplo, centros educativos da cidade.

Entón, a posta en marcha do Plan, implicará a determinación dun programa de avaliación, concretando para cada área os criterios anteriores. Como en tal determinación é da máxima importancia o parecer directo e particular sobre cada elemento, por parte do persoal dos servizos que deberán levalo a termo, e como está pendente, como un dos contidos mesmos do Plan, o desenvolvemento dun sistema de información, as páxinas que seguen limitaranse a propor a estratexia de avaliación a articular segundo as diferentes áreas de intervención e, no seu caso, os distintos grupos de medidas:

Por tanto, as accións que se detallan na **Área 1 -Apoio e Seguimento-**, precisarían, en termos xerais, dunha avaliación eminentemente cuantitativa, tanto no que respecta ao reconto da poboación beneficiaria das actuacións implantadas, como no que atinxe á cuantificación precisa de todos os recursos concedidos ás mulleres vítimas de violencia e persoas dependentes destas. Isto non obsta para que tamén conveña realizar unha avaliación de carácter cualitativo, en tanto que o obxectivo específico das medidas contidas nesta área é o de facilitar a recuperación integral das vítimas e os seus fillos e fillas. Precísase, pois, de indicadores cuantitativos e cualitativos que permitan avaliar se se ten producido a reincorporación normalizada das mulleres á sociedade. A avaliación de proceso, que deberá establecer as ferramentas precisas para determinar o grao de coordinación existente entre os diversos departamentos municipais responsables da execución das medidas, incluírá a elaboración de informes con carácter semestral por parte do persoal técnico competente onde se realizará unha valoración do proceso de execución e se proporán, no seu caso, os reaxustes convenientes para unha adecuada implantación da acción.

Así, como indicadores concretos de avaliación suxírese o establecemento dun listado de variables, entre o que podería figurar información relacionada cos seguintes aspectos: vivenda, traballo, renda dispoñible, escolarización dos fillos e fillas, situación xurídico-legal respecto da ex-parella, etc. A recompilación de datos sobre os casos atendidos, realizada desde os servizos responsables da posta en marcha destas actuacións, permitiría medir diferenzas respecto da situación inicial, en aras de avaliar o resultado das medidas implantadas. Por outro lado, a cumprimentación, por parte dos/as profesionais implicados/as, dun caderno de queixas onde se recollan as eventuais disfuncións na implantación das distintas actuacións e no que a simple formulación da queixa constituía un indicador a ter en conta, xunto coa análise selectiva dunha serie de casos escollidos aleatoriamente nos que se detalle o seguimento realizado, deberían dar lugar a elaboración de informes que, con carácter semestral, se presentarían á Oficina da Muller.

As medidas incluídas na **Área de Optimización e adecuación de recursos** precisarían de distintos procedementos avaliativos, atendendo, fundamentalmente, ao obxectivo ao que pretenden dar cumprimento. Deste xeito, as accións destinadas a acadar o Obxectivo 1 - *“Mellorar o acceso da poboación feminina*

á información sobre os seus dereitos"- poderían incluír, nos seus instrumentos de avaliación, indicadores que fagan posible medir a incidencia entre a poboación feminina da posta en marcha de tales medidas, como por exemplo, mediante a utilización de diarios e rexistros que permitan determinar se se ten producido un aumento na demanda de información e recursos nos distintos servizos. En canto ás accións asociadas ao cumprimento do Obxectivo 2 -"*Proporcionar unha adecuada atención ás mulleres vítimas de violencia a través da formación e a especialización das persoas profesionais en todos os servizos de atención e apoio ás mulleres vítimas de violencia*"-, a avaliación, de carácter cuantitativo e cualitativo, debería, dunha banda, cuantificar as accións formativas postas en marcha, e doutra, avaliar a súa calidade, para o que o emprego de enquisas de satisfacción á poboación participante sería de gran utilidade.

Por último, a avaliación das medidas asociadas ao Obxectivo 3 -"*Unificar e simplificar os sistemas e procedementos de recollida de información sobre a atención ás mulleres vítimas de violencia en todos os servizos de atención especializada ao colectivo*"- daría conta de todos os instrumentos de recollida de información obxecto de mellora, podendo fornecer, así mesmo, unha valoración, desde unha óptica cualitativa, do impacto, en termos de calidade, na prestación dos servizos. A avaliación de proceso sería, con respecto a estas accións, fundamental, de cara á corrección e axuste ao planificado. En síntese, como instrumentos de avaliación das medidas desta área propóñense, para as accións destinadas a dar cumprimento ao primeiro destes obxectivos, a cuantificación de casos: número de mulleres, número de solicitudes de información, etc., que permitan medir a evolución da demanda.

As medidas asociadas ao segundo obxectivo poderían ser avaliadas, dunha banda, mediante o reconto de todas as actuacións desenvoltas e, doutra, a través da realización de enquisas de satisfacción ás persoas profesionais que participaron nas actividades organizadas. Así mesmo, o Obxectivo 3 sería avaliado mediante o reconto das actuacións postas en marcha.

Ademais, todos os servizos responsables da execución das medidas incluídas nesta área presentarían, tamén con carácter semestral, un informe de seguimento e avaliación no que se incluírían, desde unha perspectiva cualitativa, os xuízos críticos por parte do persoal implicado na implantación das distintas accións.

A avaliación das accións da **Área de Coordinación** debería, por un lado, atender, de xeito especial, ao proceso de execución. Dado que o obxectivo desta área é a mellora da coordinación entre servizos e departamentos municipais e o fomento da colaboración con outras administracións públicas, os distintos mecanismos e instrumentos que se articulen para materializar esa coordinación deberán ser obxecto, non só de reconto e identificación -fálese de convenios, protocolos, acordos, etc.-, senón de valoración cualitativa da prestación dos servizos implicados. Así, dunha banda, como ferramentas de avaliación propostas, procederíase a un reconto de accións desde unha dobre perspectiva: mediante a cuantificación de todos e cada un dos acordos, protocolos e programas postos en marcha e, doutra banda, a través da cuantificación de cada unha das actuacións ás cales a elaboración destes instrumentos deron lugar.

Este relato de accións e a inclusión dun caderno de queixas no que os/as distintos/as profesionais implicados/as xulgarían criticamente a execución das distintas medidas, tería como resultado, do mesmo xeito que para as anteriores áreas, a elaboración dun informe semestral no que se plasmaría o seguimento realizado.

Por último, a **Área de Información e sensibilización** presenta, como se indicou, desde unha perspectiva de avaliación cualitativa, a dificultade de medir o impacto das accións que se dirixen ao conxunto da cidadanía viguesa ou sectores desta -mulleres, infancia e xuventude-. Así, a avaliación de resultados da gran parte das medidas desta área tería, necesariamente, un carácter cuantitativo, é dicir, de relato das actuacións desenvoltas e estimación da poboación beneficiaria. Para este proceso de cuantificación e, naquelas actividades de información e sensibilización desenvoltas polas asociacións, propónse a elaboración dunha “ficha” na que se detallen as características básicas das actividades organizadas. Outro tipo de actividades, como a organización de xornadas e congresos, poderían incluír, ademais, enquisas de satisfacción a participantes.

Xa que logo, o informe a elaborar con carácter semestral basear íase, fundamentalmente, nese relato de actuacións e na inclusión das fichas remitidas desde os colectivos sociais implicados no desenvolvemento das actividades de información e sensibilización realizadas.

Entón, en termos de recapitulación, todos os departamentos, servizos e colectivos implicados no desenvolvemento do Plan remitirían semestralmente á Oficina da Muller os informes elaborados. Desde este departamento procederíase a unha recompilación dos mesmos, co obxecto de elaborar un documento no que se plasme o conxunto da información facilitada, á cal, a citada Oficina, como ente coordinador da execución do Plan, podería engadir, eventualmente, un listado de observacións no que se sinalasen os aspectos susceptibles de mellora e os hipotéticos reaxustes a efectuar. O devandito informe sería, logo, remitido a todos aqueles entes. Este proceso de retroalimentación e a elaboración do citado informe, a xeito de memorando, destinado a homoxeneizar a información recadada e servir de soporte do Plan, permitirían desenvolver un seguimento continuo, realizando os reaxustes pertinentes.

Sen mingua da elaboración deste memorando de actuacións que permitiría o seguimento semestral das accións postas en marcha, si se propón a realización formal dunha avaliación final, a modo de balance, do conxunto do Plan, que se desenvolvería mediante a toma en consideración de todos e cada un dos informes semestrais elaborados, incorporando unha recompilación de datos estatísticos sobre as accións executadas e a poboación beneficiaria. Desde unha perspectiva cualitativa, e co obxecto de contrastar unha serie de hipóteses e evidencias, podería desenvolverse algún tipo de técnica cualitativa, entre as que se suxire a realización de entrevistas en profundidade ao persoal dos distintos servizos, organismos e asociacións, implicados no desenvolvemento do Plan. Toda esta información daría lugar a elaboración dun informe final de resultados.



II plan de acción municipal  
para combater a violencia  
contra as mulleres

Departamento de Muller  
Concellaría da Área de Promoción Económica  
Concello de Vigo

2004-2007



Concello de Vigo



*Concellería da Muller*  
Concello de Vigo

**Oficina da Muller**  
Concellería da Muller do Concello de Vigo  
Planta 1ª da Casa do Concello  
Praza do Rei, s/n. 36202 Vigo (Pontevedra)  
T 986 810 284 · F 986 430 082